



**ACTA NÚM. 10 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 30 DE XULLO DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **30 de xullo de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións ata finalizar o punto 7º, e despois asiste telematicamente)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez (presente no salón de sesións)
Dona Branca Petra Novo Rey (presente no salón de sesións)
Don Rafael Peña Vidal (presente no salón de sesións)
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)



Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (presente no salón de sesións ata finalizar o punto 4º, e despois asiste telematicamente).

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)

Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2020.**
- 2. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos da sesión.**
- 3. Renuncia de D. Rafael Peña Vidal.**
- 4. Renuncia de D. Martiño Noriega Sánchez.**
- 5. Ratificación de inclusión do punto número 11 na orde do día, para ser tratado na sesión.**
- 6. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11. Castiñeiriño.**
- 7. Aprobación definitiva do Estudo de detalle para a dotación da accesibilidade ao grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola.**
- 8. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario número 2020-CREXT-08, por importe de 6809,16 euros, financiado con baixas por anulación e recoñecemento de débedas.**
- 9. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario número 2020-CREXT-09, por importe de 50000 euros, financiado con baixas por anulación.**

10. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario número 2020-CREXT-10, por importe 44074,31 euros, financiado con baixas por anulación.

11. Aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 por importe 370.500,00 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

12. Aprobación da modificación da base núm. 30 das bases de execución do orzamento.

13. Aprobación do convenio en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda-Dirección Xeral do Catastro e o Concello de Santiago de Compostela.

14. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a adopción de medidas de apoio urxente ao colectivo de comerciantes de Área Central.

15. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG, para facilitar a reorganización da xestión dos comedores escolares para a prevención da COVID-19.

16. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para crear unha comisión encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.

17. Dar conta do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2019.

18. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

19. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 20 de xullo de 2020, núm. 208.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 213.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 214.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 215.

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 230.

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 231.

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 232.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 216.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 217.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 218.
- Do grupo municipal de CA, de data 22 de xullo de 2020, núm. 226.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 233.
- Do grupo municipal de CA, de data 22 de xullo de 2020, núm. 234.

Preguntas resposta escrita:

- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 219.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 220.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 221.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 222.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 223.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 224.

20. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

1. Rexistro de entrada do día 20 de xullo de 2020, núm. 207, presentada polo grupo municipal de CA, para instar á Xunta de Galicia a revisar e mellorar as políticas públicas de aplicación da Lei de dependencia.
2. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 209, presentada polo grupo municipal do BNG, para concluír as obras do proxecto de San Caetano entre a Praza da Paz e os Basquiños.
3. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 210, presentada polo grupo municipal do BNG, para rexeitar a Lei Montoro e a posíbel incautación dos remanentes dos concellos por parte do goberno do estado.
4. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 211, presentada polo grupo municipal do BNG, para darlle continuidade ás obras de reurbanización de Castrón Douro até a rúa do Sar.
5. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 212, presentada polo grupo municipal do BNG, para a redución e prevención de incendios forestais en Santiago de Compostela.
6. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 225, presentada polo grupo municipal de CA, para instar a Xunta a revisar e mellorar os protocolos de atención das familias despois do falecemento en accidente dalgún dos seus membros.
7. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 227, presentada polo grupo municipal do PP, para a recuperación das vellas estacións ferroviarias da Sionlla, Verdía e as Pontes de Busto, na futura vía verde Santiago-Cerceda.
8. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 228, presentada polo grupo municipal do PP, para a regularización e potenciación da banda de música municipal.

9. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 229, presentada polo grupo municipal do PP, para instar ao goberno de España a non apropiarse dos recursos da entidades locais.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día da sesión gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero e do COVID-19.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Javier Suárez-Vence Cabanillas, en representación de varias persoas afectadas pola situación do centro comercial de Área Central, en relación a proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a adopción de medidas de apoio urxente ao colectivo de comerciantes da devandita área.

Dona Esperanza Rodríguez López, como persoa interesada en relación a moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para instar á Xunta de Galicia a revisar e mellorar os protocolos de atención das familias despois do falecemento en accidente dalgún dos membros.

Dona María Esther Martínez Piñeiro, en representación da Federación Galega de Anpas Compostela, en relación á proposición presentada polo grupo municipal do BNG, relativa a reorganización dos comedores escolares para a prevención da COVID-19.

A moción de urxencia presentada polo grupo municipal popular foi retirada.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE XUÑO DE 2020.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente a sesión ordinaria do día 25 de xuño do corrente ano.

2. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS DA SESIÓN.

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

3. RENUNCIA DE D. RAFAEL PEÑA VIDAL.

Dáse conta do escrito presentado o día 3 de xullo do corrente ano, número de rexistro 20834 de renuncia ao cargo de concelleiro de Don Rafael Peña Vidal, pertencente ao grupo municipal de Compostela Aberta, quedando o Pleno da Corporación coñecedor do mesmo.

4. RENUNCIA DE D. MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ.

Dáse conta do escrito presentado o día 14 de xullo do corrente ano, número de rexistro 23762 de renuncia ao cargo de concelleiro de Don Martiño Noriega Sánchez, pertencente ao grupo municipal de Compostela Aberta, quedando o Pleno da Corporación coñecedor do mesmo.

5. RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN DO PUNTO NÚMERO 11 NA ORDE DO DÍA, PARA SER TRATADO NA SESIÓN.

Os/as concelleiros/as asistentes á sesión acordan por unanimidade a ratificación de inclusión do punto número 11 a tratar na orde do día.

6. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN EXECUCIÓN DAS SENTENZAS ANULATORIAS DO POLÍGONO 11. CASTIÑEIRIÑO.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística de data 8 de xullo do corrente ano, que ven cos conformes da concelleira delegada da área e máis do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“1. Xustificación e alcance da modificación

A modificación fórmulase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co fin de dar cumprimento ás sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos PO 4752/2007 e 4738/2008 -este último en fase de execución EJD 4042/2016), interpostos contra o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

As sentenzas anulaban parcialmente as determinacións do vixente PXOM no que atinxe á inclusión de concretas parcelas no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado P-11 (Castiñeiriño), declarando que as parcelas afectadas tiñan que recibir a consideración de solo urbano consolidado.

Se ben as sentenzas se refiren só a concretas parcelas identificadas nas respectivas demandas, a anulación obrigou a revisar a delimitación do polígono 11 e analizar as distintas alternativas de ordenación, non só das parcelas afectadas pola sentenzas, senón tamén dos terreos restantes incluídos no polígono e mesmo do seu contorno, co fin de asegurar a necesaria coherencia e integración da ordenación resultante.

Para este fin, no Documento ambiental estratéxico (DAE) elaborado en xullo de 2018 foron analizadas e avaliadas as distintas alternativas de ordenación, concluíndose a inviabilidade de manter o polígono 11.

En consecuencia, a presente Modificación ten por obxecto principal eliminar a delimitación do citado polígono 11, categorizando os terreos afectados como solo urbano consolidado, e definir a súa cualificación e ordenación detallada nos termos esixidos polo artigo 53.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). Complementariamente, analízase a ordenación vixente no contorno máis inmediato do polígono, propoñendo concretos axustes de aliñacións ou incorporando as novas previsións de uso na reserva dotacional do SUNP-14.

2. Avaliación ambiental estratéxica

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 22.11.2018 emitíuse o preceptivo Informe ambiental estratéxico (IAE) -publicado no Diario Oficial de Galicia o 15.01.2019- polo que se resolve non someter a modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Durante o trámite de consultas previas emitiron informe favorable as Direccións Xerais de Mobilidade, Ordenación Forestal, Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, así como o Instituto de Estudos do Territorio relativo á paisaxe.

O informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinala varias cuestións, as cales foron xa integradas no documento inicialmente aprobado, como de seguido se indica:

- Incorpóranse ao documento como anexo as sentenzas anulatorias das que trae causa a Modificación.
- Inclúense no Estudo económico-financieiro as previsións para a obtención e execución das novas superficies destinadas a viario e espazos libres
- Inclúese a referencia á *Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 -Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, que mudou a adscripción dos terreos do sistema xeral PU-20 (parque das Hortas), que deixaron de estar adscritos aos polígonos 11 (Castiñeiriño) e 42 (Cruceiro da Coruña) para quedar adscritos ao polígono 22 (Burgos das Nacións).
- O terreo situado ao norte do ámbito, ocupado por unha gasoleira, regúlase polo planeamento aprobado e en vigor no ámbito do SUNP-17 (Plan parcial aprobado no ano 1993, coa Modificación puntual aprobada no ano 2002).
- O código 11 que se reflicte nos terreos situados máis ao sur do ámbito correspóndese coa ordenación definida no proxecto, que dispón a aplicación dos parámetros da

ordenanza 11 do PXOM en todo o que non se atope expresamente regulado na modificación.

3. Ámbito da modificación

A modificación proposta inclúe non só o ámbito do polígono 11, senón que se estende cara ao norte e cara o oeste, diferenciándose tres subámbitos de actuación, todos eles situados na marxe oeste da rúa do Castiñeiriño.

- Zona norte, situada entre a rúa de Monte do Seixo e o edificio do Corte Inglés: Inclúe parcelas reguladas polo planeamento do SUNP-17, e terreos de solo urbano suxeitos á aplicación das ordenanzas 10A e 3A. Neste ámbito incorpórase o itinerario peonil que comunica a rúa de Monte do Seixo coa rúa situada ao sur do Corte Inglés, e reflíctense as aliñacións resultantes da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUNP-17, aprobada definitivamente o 28.11.2002.

- Zona central, delimitada ao norte pola rúa de Monte do Seixo, e ao sur polas rúas Agustín Sixto Seco e Josefa Iglesias Vilarelle: Axústanse as aliñacións para recoller, na medida do posible, as edificacións existentes; propónse un itinerario peonil que conecta as rúas Monte do Seixo e Agustín Sixto Seco a través da reserva dotacional RE-SUNP-14.

- Zona sur, coincidente co antigo polígono 11 do PXOM. Mantéñense, na medida do posible, as edificacións existentes, prolongando a aliñación definida polo edificio da farmacia, o que implica deixar fóra de ordenación dúas edificacións afectadas (restaurante Paz Nogueira) mantendo dentro de ordenación outras dúas situadas máis ao sur, que se someten á ordenanza 11 do PXOM.

Así mesmo, a Modificación propón reaxustar a conexión viaria prevista no PXOM que enlaza o SUNP-14 coa rúa do Castiñeiriño, mantendo a sección xa executada (rúa de Josefa Iglesias Vilarelle), se ben prevendo a súa regularización cando se edifique a parcela situada na beira sur (nº 10 da rúa do Castiñeiriño).

4. Incidencia no sistema de dotacións do PXOM

No documento analízanse os efectos da modificación proposta en canto á dotación de sistemas xerais e locais previstos no PXOM vixente, concluíndose:

- Respecto dos sistemas locais, a supresión da zona libre ZL-183 non altera o equilibrio de dotacións, toda vez que se seguen a cumprir os estándares legais no conxunto do solo urbano non consolidado do distrito, segundo esixe o artigo 65.6 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

- Respecto dos sistemas xerais, a peza do sistema xeral PU-20 (parque urbano das Hortas) orixinalmente adscrita ao polígono 11, pasou a quedar adscrita ao polígono 22 a resultas da *Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 -Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, aprobada definitivamente o 20.09.2018.

No estudo económico financeiro prevese a obtención do solo situado fóra das aliñacións por cesión gratuíta dos propietarios afectados, co carácter de cesión obrigatoria vinculada ao outorgamento das respectivas licenzas de edificación ou rehabilitación integral, segundo se reflicte no plano O2.

5. Procedemento aplicable e órgano competente

A modificación, en canto afecta á ordenación detallada establecida polo PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG), sendo competente o Pleno Municipal para a súa aprobación inicial, provisional e definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da LSG, 146.2 do RLSG e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

6. Resultado do trámite de información pública

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o 24.10.2019 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia o día 27.12.2019.

Durante o trámite de información pública formuláronse varias ALEGACIÓNS, que son obxecto de análise pormenorizado nun informe asinado pola arquitecta municipal o día 7.07.2020 -ao que expresamente me remito-, no que se propón incorporar concretas modificacións no documento que se somete a aprobación definitiva, como máis adiante se explica.

Do escrito de alegacións presentado pola titular da oficina de farmacia sita no número 12 da rúa do Castiñeiriño deuse traslado á Concellería de Mobilidade e Seguridade Cidadán, para os efectos de que resolvan o que estimen procedente respecto da solicitude de reserva dunha zona de estacionamento de servizo aos usuarios da farmacia.

7. Audiencia a municipios limítrofes e informes sectoriais

En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, con data 30.12.2019 o **Concello trasladou a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, a fin de que por este órgano se outorgase audiencia aos municipios limítrofes e se solicitasen os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en informe asinado o 8.06.2020, indica o seguinte:

...

2. Foron solicitados os informes sectoriais autonómicos preceptivos, constando a emisión dos seguintes, que se achegan:

a) Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 27.01.2020

b) Informe de solos contaminados da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do 3.02.2020

c) Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 11.03.2020

d) Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 17.04.2020

...

3. Deuse audiencia aos concellos limítrofes de Ames, Boqueixón, O Pino, Oroso, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra. Estes concellos contaban con prazos para contestar, o último dos cales finalizou o 4.06.2020. Rematado o dito prazo, non foi recibida nestas dependencias a resposta deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia)

...

No expediente administrativo tramitado constan así mesmo os seguintes informes, todos eles con pronunciamento favorable, como de seguido se indica:

-Informe da directora de Augas de Galicia de data 1.04.2020

-Informe da Dirección General de Telecomunicaciones de data 9.01.2020

-Informe da Dirección General de Aviación Civil, recibido o 28.01.2020, que advirte do disposto polos artigos 8, 30 e 31 do Decreto 584/1972.

Non consta que o ámbito obxecto de ordenación estea afectado por servidumes aeronáuticas, polo que só resultaría preceptivo o pronunciamento previo da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) se as construcións ou estruturas -incluídos os guindastres de construción e similares- se elevasen a unha altura superior aos 100 metros (artigo 8 fo Decreto 584/1972).

-Informe da Dirección General de Carreteras del Estado, de data 17.01.2020. Sinala varias prescricións derivadas da normativa aplicable en materia de ruído (Lei estatal 37/2003 e RD 1367/2007).

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, no ámbito da Modificación “*non existe ningunha parcela edificable na que se superen os umbrais límite establecidos no marco legal vixente, de acordo co mapa estratéxico de ruído da SC-11*”, polo que non se considera necesario condicionar neste senso o outorgamento das licenzas de edificación no ámbito.

8. Modificacións propostas sobre o documento inicialmente aprobado

Segundo se detalla no informe da arquitecta municipal, logo do exame das alegacións presentadas, propónse introducir as seguintes modificacións sobre o proxecto inicialmente aprobado:

a) Modificación de aliñación, liña de edificación e altura na parcela catastral 7656101NH3457F0001KB (rúa do Castiñeiriño, nº 10)

Nesta parcela propónse prolongar a mesma aliñación que se define para a parcela lindante (nº 12 da rúa do Castiñeiriño) en relación co vial posterior que foi executado coa urbanización do SUNP-14 (rúa de Josefa Iglesias Vilarelle). Este axuste, segundo xustifica a arquitecta municipal no seu informe, “*pode permitir unha solución mais regular e homoxénea, facilitando o remate do conxunto da peza e non compromete a funcionalidade viaria, xa que a beirarrúa ten nese punto unha amplitude suficiente*”

A nova aliñación proposta supón unha redución do solo a ceder polos propietarios da parcela con fronte ao citado vial posterior, e a conseguinte ampliación do fondo edificable en planta baixa. Supón tamén a desafectación dunha pequena porción do terreo ocupado pola beiravía existente, para cuxa edificación os propietarios deberán solicitar ao Concello a reversión de parte do terreo expropiado (que formou parte parcela 56 do proxecto de expropiación do SUNP-14).

Por outra banda, e coa finalidade de acadar unha maior integración co volume existente no nº 12, propónse incrementar a altura da nova edificación permitida na nº 10 (catastral 7656101NH3457F0001KB) engadindo unha planta ático (B+3+A).

b) Axuste de aliñación e de liña de edificación na confluencia das rúas do Castiñeiriño (nº 4) e de Josefa Iglesias Vilarelle



Proponse axustar a aliñación que afecta á parcela catastral 7557813NH3475F0001HB, redefinindo o volume edificable na confluencia das rúas citadas co fin de resolver o remate da medianeira existente.

Esta solución permite o mantemento das edificacións existentes no camiño posterior -co carácter de auxiliares da principal-, pero só permite a nova edificación no tramo no que conflúen as rúas do Castiñeiriño e de Josefa Iglesias Vilarelle, de forma simétrica ao previsto na outra marxe da vía (nº 10 da rúa do Castiñeiriño).

c) Modificacións derivadas do acordo de cesión á Xunta de Galicia da reserva de equipamento RE-SUNP-14

Na marxe das alegacións presentadas, cómpre informar que, logo dun acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 27.11.2019 -de ampliación de usos dotacionais nas reservas de equipamento DOC e EQ do Plan de sectorización do SUNP-14-, o Concello de Santiago, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno o pasado 8.06.2020, cedeu á Xunta de Galicia, con destino á construción dunha residencia de maiores, unha superficie de 5.594 m² no ámbito da RE-SUNP-14, obrigándose a administración autonómica a realizar concretas actuacións de acondicionamento e de urbanización no contorno.

O citado acordo incorpórase como Anexo II ao proxecto de Modificación, incluíndose na memoria e na normativa referencias ao seu contido.

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, nos planos de ordenación “*axústase o ámbito na zona central oeste, para recoller a liña límite da parcela que se segrega para ceder á Xunta co obxecto de construír o novo centro de maiores e a proposta indicativa de urbanización do espazo público que comunica as rúas de Monte do Seixo con Agustín Sixto Seco, para acomodalo aos esquemas iniciais do futuro edificio público e ao mellor servizo das edificacións existentes*”.

Todas as modificacións que acabamos de describir figuran xa integradas no **documento reformado** que se somete a aprobación provisional

As modificacións propostas non teñen carácter substancial, tratándose de axustes puntuais de pequena entidade que en nada alteran o modelo de planeamento inicialmente aprobado.

9. Proposta de acordo

En consecuencia, de conformidade con todo o exposto e co informe da arquitecta municipal sobre as alegacións presentadas, de data 7.07.2020, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo,



Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11 (Castiñeiriño), segundo o proxecto reformado elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en xullo de 2020.

Segundo. Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Figura, así mesmo, no expediente informe técnico emitido pola arquitecta xefa da sección de planeamento, con data 7 de xullo do corrente ano.

Á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á sesión ordinaria do día 23 de xullo do corrente ano e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, CA e BNG (10 PSdeG-PSOE, 3 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11 (Castiñeiriño), segundo o proxecto reformado elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en xullo de 2020.

Segundo. Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

7. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A DOTACIÓN DA ACCESIBILIDADE AO GRUPO DE VIVENDAS DE SAN IGNACIO DE LOYOLA.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística que trae o conforme da concelleira delegada da área de data 10 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O proxecto de referencia, elaborado polos arquitectos José Luis Gil Pita e M^a Cristina Nieto Peñamaría, fórmulase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto de mellorar as actuais condicións de accesibilidade e eficiencia enerxética do grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, tamén coñecido como *Banco do Pobre*.

O ámbito da actuación correspóndese cos terreos edificados na marxe sur da avenida de Mestre Mateo (barrio de San Ignacio de Loyola), contiguos á reserva de equipamento universitario EU-2.

1. Planeamento vixente

O planeamento vixente no ámbito ata o ano 2018 -PXOM e Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8)- cualificaba o ámbito como sistema xeral de equipamento universitario EU-2, adscribíndoo para a súa obtención ao polígono 22 (Burgo das Nacións)

Porén, con data 20.09.2018 o Pleno Municipal aprobou definitivamente a Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 (Grupo de vivendas San Ignacio de Loyola). Esta Modificación supuxo o mantemento en ordenación das edificacións existentes, que quedaron excluídas do sistema xeral EU-2 e suxeitas ao réxime da ordenanza 9A do Plan xeral, “*sendo preceptiva a aprobación previa dun Estudo de detalle para calquera actuación que supoña un cambio na imaxe do conxunto e/ou dos elementos tipolóxicos ou representativos*”

O ámbito da actuación atópase tamén regulado polo *Estudo de detalle nas parcelas EU-7, EU-2 e no grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, aprobado definitivamente polo Pleno Municipal con data 16.03.2017.

2. Proposta de ordenación

No informe emitido pola arquitecta xefa da Sección Municipal de Planeamento descríbese a solución proposta, consistente na implantación dun ascensor adosado á fachada sur de cada un dos bloques, que se comunica coas vivendas a través duns corredores de planta, exteriores e cubertos. Tanto a envolvente do ascensor como as pasarelas de acceso ás

vivendas se resólvense construtivamente con elementos prefabricados de formigón autónomos e estruturalmente independentes da edificación orixinal.

Complementariamente prevese a substitución dos panos das galerías existentes -non previstas no proxecto orixinal- por unha carpintería de madeira tipo, co fin de mellorar a eficiencia enerxética e recuperar a imaxe unitaria do conxunto.

Os espazos previstos para a implantación do ascensor son de titularidade privada e pertencen á Comunidade de Propietarios, que deberá de adoptar acordo autorizando a súa ocupación.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, o Estudo de detalle contén no seu plano 0-01 a delimitación do ámbito necesario para a dotación de accesibilidade, para os efectos do que dispoñen os artigos 24 e 42.3 do Real decreto legislativo 7/2015, 13 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, e 99 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, como de seguido se indica:

- Habilita a ocupación das superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores e outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo, tales como vestíbulos, descansos, sobrecubertas, beirís e soportais.
- Conleva a declaración da utilidade pública ou interese social de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito do estudo de detalle, para os efectos de aplicación dos réximes de expropiación, venda e substitución forzosas, cando aqueles resulten necesarios para executar as actuacións previstas no estudo de detalle.
- Habilita a expropiación dos elementos privativos ou comúns que resulten necesarios para o estrito cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 99 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia.

3. Tramitación

Consonte ao procedemento regulado polos artigos 80 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento (RLSG), o estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 3.02.2020, e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron o día 5.06.2020 no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego*.

Simultaneamente practicouse citación persoal a todos os propietarios dos inmobles afectados, segundo figuran no Catastro. Así mesmo, publicouse edicto no Boletín Oficial

do Estado do día 4.06.2020 para os efectos do esixido polo artigo 44 da Lei 39/2015, isto é, a fin de que serva de notificación a todos aqueles interesados que, por ser descoñecidos ou non atoparse no seu domicilio, non puideran ser citados persoalmente para o trámite de información pública.

Non consta que se teñan formulado alegacións durante o trámite de participación pública.

No expediente consta **informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural**, asinado o 7.05.2020.

4. Proposta de resolución

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o *Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade ao grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, formulado de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, e elaborado polos arquitectos José Luis Gil Pita e M^a Cristina Nieto Peñamaría, sen modificacións respecto do que foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o 3.02.2020.

O estudo de detalle, no que se contén a delimitación do ámbito de actuación para mellora de accesibilidade, leva implícita a **declaración de utilidade pública e interese social** dos bens e dereitos afectados, para os efectos do que dispoñen os artigos 24 e 42.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, 13 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, e 99 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

A vista do informe transcrito e máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos

correspondente a súa sesión ordinaria do día 23 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, aprobar definitivamente o estudo de detalle para a dotación de accesibilidade ao grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, formulado de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, e elaborado polos arquitectos José Luis Gil Pita e M^a Cristina Nieto Peñamaría, sen modificacións respecto do que foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o 3.02.2020.

O estudo de detalle, no que se contén a delimitación do ámbito de actuación para mellora de accesibilidade, leva implícita a declaración de utilidade pública e interese social dos bens e dereitos afectados, para os efectos do que dispoñen os artigos 24 e 42.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, 13 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, e 99 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

8. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2020-CREXT-08, POR IMPORTE DE 6809,16 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDAS.

O informe proposta de data 8 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“I. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.
Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

II. ANTECEDENTES

Informe proposta con data de 08.07.2020 do director de área de réxime interno (responsable administrativo do CX 37) co conforme do técnico de xestión e programación cultural (responsable do CX 29 que cede crédito) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local co visto e praxe do Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Festas, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 para atender o gasto relativo ao servizo de desinfección e limpeza completa das dependencias da Cociña Económica de Santiago de Compostela.

Informe proposta con data de 08.07.2020 do director de área de réxime interno (responsable administrativo do CX 37) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de levantamento de reparo recoñecido no informe de fiscalización 470/2020 de 17.06.2020 en relación á factura recibida da mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. relativa ao servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica.

Expediente de tramitación, aprobación e fiscalización do contrato de servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica.

Informe proposta con data de 08.07.2020 do director de área de réxime interno (responsable administrativo do CX 37) co conforme do técnico de xestión e programación cultural (responsable do CX 29 que cede crédito) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local co visto e praxe do Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Festas, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 para atender o gasto relativo ao servizo de desinfección e limpeza completa de todas as salas e dependencias da Praza de Abastos de Santiago de Compostela.

Informe proposta con data de 08.07.2020 do director de área de réxime interno (responsable administrativo do CX 37) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de levantamento de reparo recoñecido no informe de fiscalización 471/2020 de 17.06.2020 en relación á factura recibida da mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. relativa ao servizo de desinfección e limpeza de todas as salas e dependencias da Praza de Abastos de Santiago de Compostela.

Expediente de tramitación, aprobación e fiscalización do contrato de servizo de desinfección e limpeza de todas as salas e dependencias da Praza de Abastos de Santiago de Compostela.

Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200011328 e número de referencia 22020004403.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Unha vez analizado os informes proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-08, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 2 de gastos do orzamento 2020 -030 92000 2700000- que recolle crédito para gastos imprevistos co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender o pagamento de dúas facturas recibidas e conformadas da mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. relativas a dous contratos tramitados a través do réxime excepcional de emerxencia realizados con motivo da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. A relación de contratos, adxudicatarios, importes e facturas é o seguinte:

Nº expediente	Obxecto	Adxudicatario	Importe	Nº rexistro Fra
CON/EM/07/2020	Servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Praza de Abastos	SPARTANA CONTROL SERVICE S.L.	4.325,33	2020/1321
CON/EM/19/2020	Servizo de desinfección e limpeza da Cociña Económica	SPARTANA CONTROL SERVICE S.L.	2.483,83	2020/1754
			6.809,16	

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de 6.809,16 euros, que é coincide coa suma do importe das dúas facturas recibidas e conformadas relativas aos contratos de emerxencia tramitados.

IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.

c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente de importe 6.809,16 euros na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900, cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido nos diferentes informes proposta que forman parte do expediente, dado que a finalidade deste crédito é a de dar cobertura ás actividades do departamento de festas do Concello, actividades que, aínda que se tenta manter un importante programa de festas, se viron alteradas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19, o que obrigou á suspensión, entre outras, das actividades que se tiñan previsto celebrar con motivo da Ascensión e para as que se dispuña de crédito no orzamento actual. Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200011328 e número de referencia 22020004403 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -na que se dota o crédito no capítulo 2 de gasto e na que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

V. REPARO DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL ÁS FACTURAS EMITIDAS POLA MERCANTIL “SPARTANA CONTROL SERVICE S.L.” RELATIVAS AOS CONTRATOS DE EMERXENCIA DE SERVIZO DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA COCIÑA ECONÓMICA E DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consta na documentación que forma parte do expediente, informe e proposta de levantamento de reparo ao Pleno relativas ás dúas facturas recibidas da mercantil “SPARTANA CONTROL SERVICE S.L.” en relación aos contratos de emerxencia tramitados de servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica

e da Praza de Abastos de Santiago de Compostela no marco da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

A tramitación da conformidade das dúas facturas recibidas foron obxecto de informe de fiscalización recollidos nos números de informe 470/2020 e 471/2020, ambos de data 17.06.2020, formulándose reparo motivado por ausencia de crédito adecuado e suficiente para a tramitación dos referidos gastos quedando en suspenso a tramitación da aprobación das facturas e, en consecuencia, o recoñecemento das débedas a favor da mercantil “SPARTANA CONTROL SERVICE S.L.” polos servizos realizados, ata que a discrepancia se solucione.

No informe proposta de levantamento de reparo queda acreditada a obriga do Concello de asumir directamente a limpeza urxente das dependencias da Cociña Económica e da Praza de Abastos por unha cuestión de saúde pública, tentando evitar con esta medida a posibilidade de contaxios da COVID-19 na cidadanía.

Tamén se acredita que a empresa adxudicataria realizou á conformidade os encargos solicitados nos dous contratos de emerxencia tramitados e así se desprende das actas de conformidade asinadas que forman parte da documentación dos dous expedientes.

Toda vez que as notas de reparo que figuran nos expedientes de fiscalización motívanse na ausencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas aludidas e que neste expediente tamén se incorpora a tramitación dun crédito extraordinario para habilitar crédito adecuado e suficiente para atender o recoñecemento de débeda a favor da mercantil “SPARTANA CONTROL SERVICE S.L.” polos dous servizos contratados, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal que solvete as notas de reparo formuladas pola intervención municipal de conformidade co artigo 217.2 letra a do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

VI. PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-08 con base ao contido dos informes proposta que forman parte do expediente, por un monto global de **SEIS MIL OITOCENTOS NOVE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS DE EURO (6.809,16 euros)** co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender o recoñecemento e liquidación das obrigas recollidas en dúas facturas emitidas pola mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. en relación a dous contratos tramitados a través do réxime excepcional de emerxencia con motivo da prestación dos servizos de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e da Praza de Abastos de Santiago de Compostela no marco da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

EN RESUMO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación
Servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e Praza de Abastos de Santiago	030	92000	2700000	6.809,16	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900	060	33800	2269900	6.809,16
				6.809,16						6.809,16

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e Praza de Abastos de Santiago	37	030	92000	2700000	0,00	6.809,16	6.809,16

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-08

6.809,16

B) Financiamiento:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900	060	33800	2269900	932.400,00	6.809,16	925.590,84

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN

6.809,16

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	6.809,16 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	6.809,16 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

QUINTO.- Solventar os reparos dos informes de fiscalización nº 470/2020 e 471/2020 de 17.06.2020 baseados na ausencia de crédito adecuado e suficiente para o recoñecemento e liquidación das obrigas emitidas pola mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. en relación á prestación dos servizos de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e da Praza de abastos e recoñecer as débedas a favor da mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. en relación ás facturas emitidas baixo os números 1 20014 de 27.04.2020 e importe 2.4823,83 euros, e factura número 1 6 de 25.03.2020 e importe 4.325,33 euros.

SEXTO.- Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-08.”

Á vista do informe proposta transcrito, acordo da Xunta de Goberno do pasado día 13 de xullo, e o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas, correspondente á súa sesión extraordinaria do día 27 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, CA e BNG (10 PSdeG-PSOE, 3 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-08 con base ao contido dos informes proposta que forman parte do expediente, por un monto global de seis mil oitocentos nove euros con dezaseis céntimos de euro (6.809,16 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender o recoñecemento e liquidación das obrigas recollidas en dúas facturas emitidas pola mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE S.L. en relación a dous contratos tramitados a través do réxime excepcional de emerxencia con motivo da prestación dos servizos de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e da Praza de Abastos de Santiago de Compostela no marco da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación	
Servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e Praza de Abastos de Santiago	030	92000	2700000	6.809,16	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900	060	33800	2269900	6.809,16	
				6.809,16							6.809,16

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria		Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e Praza de Abastos de Santiago	37	030	92000 2700000	0,00	6.809,16	6.809,16

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-08

6.809,16

B) Financiamento:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900	060	33800	2269900	932.400,00	6.809,16	925.590,84

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN

6.809,16

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	6.809,16 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	6.809,16 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-08 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

QUINTO.- Solventar os reparos dos informes de fiscalización nº 470/2020 e 471/2020 de 17.06.2020 baseados na ausencia de crédito adecuado e suficiente para o recoñecemento e liquidación das obrigas emitidas pola mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE SL, en relación á prestación dos servizos de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e da Praza de abastos e recoñecer as

débedas a favor da mercantil SPARTANA CONTROL SERVICE SL, en relación ás facturas emitidas baixo os números 1 20014 de 27.04.2020 e importe 2.4823,83 euros, e factura número 1 6 de 25.03.2020 e importe 4.325,33 euros.

SEXTO.- Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-08.

9. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2020-CREXT-09, POR IMPORTE DE 50000 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

O informe-proposta de data 9 de xullo do corrente ano, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“I. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

II. ANTECEDENTES

1. Informe proposta con data de 09.07.2020 do director de área de réxime interno (responsable administrativo do CX 37) co conforme do técnico de xestión e programación cultural (responsable do CX 29 que cede crédito) e proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local co visto e praxe do Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Festas, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 para atender o gasto relativo á subministración e instalación de material de protección entre o persoal empregado público entre si e coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela.

2. Expedientes de contratos tramitados a través do réxime excepcional de emerxencia realizados coas mercantís PAIPEL, GALLERY TRUMPETS e MOUSE SANTIAGO con

motivo da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e coa finalidade de atender á subministración e instalación de material de protección entre o persoal empregado público entre si e coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela.

3. Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200011434 e números de referencia 22020004429-22020004430-22020004431-22020004432-22020004433.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-09, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 6 de gastos do orzamento 2020 -030 92000 6250001- a incluír nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto baixo a codificación 2020 4 MAMPA 50, que recollerá o crédito necesario co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á subministración e instalación de material de protección entre o persoal empregado público entre si e coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela realizados con motivo da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. A relación de contratos, adxudicatarios e importes realizados con esta finalidade no momento actual é o seguinte:

Nº expediente	Obxecto	Adxudicatario	Importe
CON/EM/39/2020	Subministración de mamparas como material de protección do persoal empregado público entre si e tamén coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela	PAIPEL-OR S.L.	18.056,12
CON/EM/43/2020	Subministración de mamparas como material de protección do persoal empregado público entre si e tamén coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela	PAIPEL-OR S.L.	6.912,76
CON/EM/48/2020	Subministración e instalación de pantallas acústicas como material de protección entre o persoal da Banda Municipal do Concello de Santiago de Compostela	GALLERY TRUMPETS S.L.	6.328,35
CON/EM/50/2020	Subministración e instalación de mamparas como material de protección do persoal empregado público de CSC, Cersia, Réxime interior entre si e tamén coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela	MOUSE SANTIAGO S.L.	8.356,26
			39.653,49

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de **50.000,00 euros**, xa que, se ben a suma dos importes dos contratos de emerxencia tramitados para esta tipoloxía de gasto é de 39.653,49 euros, no informe proposta cuantifícase a necesidade real en 50.000,00 euros toda vez que aínda está pendente a subministración e instalación de mamparas nalgunhas dependencias onde aínda non se incorporou todo o seu persoal.

IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente nas seguintes aplicacións orzamentarias:

- Baixa por anulación na aplicación orzamentaria 060/33800/2269900 por importe de 13.190,84 euros cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente, dado que a finalidade deste crédito é a de dar cobertura ás actividades do departamento de festas do Concello, actividades que, aínda que se tenta manter un importante programa de festas, se viron alteradas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19, o que obrigou á suspensión, entre outras, das actividades que se tiñan previsto celebrar con motivo da Ascensión e para as que se dispuña de crédito no orzamento actual.

- Baixa por anulación nas aplicacións orzamentarias do capítulo 1 de persoal 030/92000/1200000 - 030/92000/1210000 - 030/92000/1210100 - 030/92000/1600000 por importe global de 36.809,16 euros cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual xa que segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente reservaban crédito, entre outros, para toda anualidade 2020 de dúas prazas de dirección de área (órgano directivo) que no momento actual aínda están sen cubrir e se traballa coa previsión que non se efectúe antes do 01.10.2020.

- Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200011434 e números de referencia 22020004429-22020004430-22020004431-22020004432-22020004433 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -na que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e na que se declara a baixa nos capítulos 1 e 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

V. PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-09 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de **CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros)** co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á subministración e instalación de material de protección entre o persoal empregado público entre si e coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela realizados con motivo da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación	
Adquisición de mobiliario de protección para o persoal municipal con motivo da COVID-19	030	92000	6250001	2020 4 MAMPA 50	50.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 338000 22699000	060	33800	2269900	13.190,84	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1200000	030	92000	1200000	8.179,81	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210000	030	92000	1210000	6.134,86	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210100	030	92000	1210100	16.359,63	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1600000	030	92000	1600000	6.134,86	
					50.000,00							50.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Adquisición de mobiliario de protección para o persoal municipal con motivo da COVID-19	37	030	92000	6250001	2020 4 MAMPA 50	0,00	50.000,00	50.000,00

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-09

50.000,00

B) Financiamiento:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 338000 22699000	060	33800	2269900	922.400,00	13.190,84	909.209,16
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1200000	030	92000	1200000	322.634,04	8.179,81	314.454,23
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210000	030	92000	1210000	403.002,36	6.134,86	396.867,50
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210100	030	92000	1210100	1.105.761,84	16.359,63	1.089.402,21
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1600000	030	92000	1600000	790.591,94	6.134,86	784.457,08

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN

50.000,00

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	50.000,00 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	50.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista do informe proposta transcrito, acordo da Xunta de Goberno do pasado día 13 de xullo, e o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente á sesión extraordinaria do día 27 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-09 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de cincuenta mil euros (50.000,00 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á subministración e instalación de material de protección entre o persoal empregado público entre si e coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela realizados con motivo da declaración do estado de alarma en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación	
Adquisición de mobiliario de protección para o persoal municipal con motivo da COVID-19	030	92000	6250001	2020 4 MAMPA 50	50.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 338000 22699000	060	33800	2269900	13.190,84	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1200000	030	92000	1200000	8.179,81	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210000	030	92000	1210000	6.134,86	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210100	030	92000	1210100	16.359,63	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1600000	030	92000	1600000	6.134,86	
					50.000,00						50.000,00	

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Adquisición de mobiliario de protección para o persoal municipal con motivo da COVID-19	37	030	92000	6250001	2020 4 MAMPA 50	0,00	50.000,00	50.000,00

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-09

50.000,00

B) Financiamiento:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 338000 22699000	060	33800	2269900	922.400,00	13.190,84	909.209,16
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1200000	030	92000	1200000	322.634,04	8.179,81	314.454,23
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210000	030	92000	1210000	403.002,36	6.134,86	396.867,50
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1210100	030	92000	1210100	1.105.761,84	16.359,63	1.089.402,21
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92000 1600000	030	92000	1600000	790.591,94	6.134,86	784.457,08

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN

50.000,00

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	50.000,00 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	50.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-09 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

10. APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2020-CREXT-10, POR IMPORTE 44074,31 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

O informe proposta de data 15 de xullo do corrente ano, en relación ao expediente do epígrafe, ten o seguinte contido:

“1. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

II. ANTECEDENTES

1. Informe proposta con data de 15.07.2020 da directora técnica do departamento de Educación (responsable administrativa do CX 22) e proposta da Concelleira delegada de Educación, Mocidade, Políticas de Igualdade e Políticas Lingüísticas, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 para habilitar crédito para executar as Obras de climatización na Escola Infantil do Tambre.

2. Memoria valorada realizada no mes de xuño de 2020 do servizo de Proxectos de Obras do Concello en relación ás obras de climatización da Escola Infantil do Tambre e estimación realizada dos custes de dirección facultativa das mesmas.

3. Acta asinada o 29.06.2020 da Comisión de seguimento dos convenios entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión das Escolas Infantís celebrada o 18.06.2020.

4. Comunicación de 10.07.2020 da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de autorización para a compensación na 2ª liquidación de 2020 das Escolas Infantís coxestionadas co Concello do importe das obras de climatización da Escola Infantil do Tambre.

5. Informe do arquitecto do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 13 de xullo de 2020, de avaliación positiva da Memoria Valorada redactada pola arquitecta do Servizo de Proxectos e Obras do concello de Santiago.

6. Resolución do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar de 13 de xullo de 2020, de aprobación definitiva da 1ª liquidación de 2020 “Réxime de cofinanciamento para as Escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”.

7. Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200011864 e número de referencia 22020004552.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-10, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 6 de gastos do orzamento 2020 -080 32302 6320001- a incluír nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto baixo a codificación 2020 4 CLITA 52, que recollerá o crédito necesario co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender ás Obras de climatización da Escola Infantil do Tambre.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de **44.074,31 euros**, ten a súa base de cuantificación na memoria valorada das obras realizada polo servizo de Proxectos e Obras que cifra en 41.654,31 o custe das obras, e no importe dos honorarios de dirección facultativa que cuantifica en 1.815,00 euros a dirección de execución das obras a realizar e en 605,00 euros o custe dos honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación polo mesmo importe do crédito dispoñible existente na aplicación orzamentaria 080/32600/2269900 cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta, xa que a aplicación a minorar reservaba crédito por importe de 145.035,00 euros para a contratación do servizo de xestión e desenvolvemento

do programa municipal de conciliación das Escolas de verán que motivado pola situación xerada pola pandemia da COVID-19 non chegou a realizarse.

Con este obxectivo, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200011864 e número de referencia 22020004552 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -na que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e na que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

V. PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-10 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de **CORENTA E CATRO MIL SETENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (44.074,31 euros)** co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender ás obras de climatización da Escola Infantil do Tambre, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación		
Obra de climatización na Escola Infantil do Tambre	080	32302	6320001	2020 4 CLITA 52	44.074,31	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 080 32600 2269900	080	32600	2269900	44.074,31		
					44.074,31							44.074,31	

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Obra de climatización na Escola Infantil do Tambre	22	080	32302	6320001	2020 4 CLITA 52	0,00	44.074,31	44.074,31
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-10						44.074,31		

B)Financiamento:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 080 32600 2269900	080	32600	2269900	170.000,00	44.074,31	125.925,69
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				44.074,31		

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	44.074,31 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	44.074,31 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade

aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista do informe proposta transcrito, acordo da Xunta de Goberno do día 17 de xullo pasado, e máis o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión extraordinaria do día 27 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 20 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Partido Popular e BNG (10 PSdeG-PSOE, 8 PP e 2 BNG), e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros/as de Compostela Aberta, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-10 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de corenta e catro mil setenta e catro euros con trinta e un céntimos de euro (44.074,31 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender ás obras de climatización da Escola Infantil do Tambre, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe Baixas por anulación	
Obra de climatización na Escola Infantil do Tambre	080	32302	6320001	2020 4 CLITA 52	44.074,31	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 080 32600 2269900	080	32600	2269900	44.074,31	
					44.074,31						44.074,31	

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Obra de climatización na Escola Infantil do Tambre	22	080	32302	6320001	2020 4 CLITA 52	0,00	44.074,31	44.074,31

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-10

44.074,31

B)Financiamento:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 080 32600 2269900	080	32600	2269900	170.000,00	44.074,31	125.925,69

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN

44.074,31

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	44.074,31 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	44.074,31 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-10 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra

os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

11. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-11 POR IMPORTE 370.500,00 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019.

O informe proposta do técnico da oficina de orzamentos que ven co conforme da concelleira delegada da área de economía e facenda, de data 20 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“I.NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

RD Lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (art. 6).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177, 213 á 222.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

II. ANTECEDENTES

Informe da intervención municipal de data 22.04.2020 relativo á delimitación, aos efectos do seu destino, da capacidade de financiamento en termos de estabilidade resultante da liquidación orzamentaria do 2019 por incidencia dos RD-Lei 8/2020, de 17 de marzo, e RD-Lei 11/2020, de 31 de marzo, promulgados a consecuencia do impacto social e económico da covid-19.

Memoria xustificativa de data 20.07.2020 da Concellaría de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas relativa ao financiamento co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do ano 2019 de gastos de investimento en vehículos eléctricos puros, en vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e en infraestruturas de recarga para o uso dos vehículos adquiridos.

Informe de 20.07.2020 do responsable do parque móbil municipal en relación ao impacto económico derivado da adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos híbridos a financiar co remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2019.

Memoria económica específica de 20.07.2020 coa proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse dos IFS financiados co RLT para GX do exercicio 2019.

III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF, en diante), establece dúas regras que rexen o destino do superávit orzamentario: o artigo 32 e o establecido na súa disposición adicional 6ª e disposición adicional 16ª do TRLRFL, estas últimas de aplicación opcional para as entidades locais que cumpran os requisitos esixidos.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF en diante), dispón:

“32 Destino do superávit orzamentario

1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)

3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantívésese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

O **RD Lei 2/2014**, na súa Disposición final primeira, modifica o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de forma que **engade unha nova disposición adicional décimo sexta ao texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (A Lei 362/2004), coa seguinte redacción:**

“Aos efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (a Lei 7774/2012), entenderase por ***investimento financeiramente sustentable*** o que cumpra todos os **requisitos** seguintes:

1.- Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no Anexo I da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro (A LEI 18063/2008), pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais:

- 161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
- 165. Alumeado público.
- 172. Protección e mellora do medio ambiente.
- 412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
- 422. Industria.
- 425. Enerxía.
- 431. Comercio.
- 432. Ordenación e promoción turística.
- 441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.
- 442. Infraestruturas do transporte.
- 452. Recursos hidráulicos.
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada.
- 491. Sociedade da información.
- 492. Xestión do coñecemento.

O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

- 133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- 153.** Vías públicas.
- 171.** Parques e xardíns.
- 336.** Protección do Patrimonio Histórico-Artístico.
- 453.** Estradas.
- 454.** Camiños veciñais.
- 933.** Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público.

Cando o gasto de investimento nestes grupos de programas, considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2.- Quedan excluídos tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como os que se refiran á adquisición de mobiliario, aparellos e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

3.- O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación Local.

De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación Local, sempre que as mesmas teñan carácter complementario e derívense directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.(...)

4.- Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación Local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.

5.- A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas do investimento executado deberase realizar por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril (A LEI 7774/2012).

No tanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2017, a parte restante do gasto comprometido en 2017 poderase recoñecer no exercicio 2018 financiándose con cargo ao remanente de tesouraría de 2016 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2018.

6.- O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delegue, na que se conterà a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.

7.- Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación Local ao que se refire o apartado anterior fose desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación Local.

8.- O interventor da Corporación Local informará o Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición.»

Así ben, o contido da disposto na D.A. 6ª da LOEOSF e a D.A. 16ª do TRLRFL ten vixencia anual, se ben foise prorrogando ano tras ano mediante unha norma con rango de lei, como a propia lei de orzamentos do estado ou, como sucedeu nos dous exercicios pasados, a través dun RD-Lei específico pola situación de prórroga dos orzamentos estatais. Para o ano 2020 esta norma non foi aínda prorrogada.

A exposta é a regulación ordinaria para o destino do superávit orzamentario, se ben, con carácter extraordinario, e ante a necesidade inmediata de actuación das administracións públicas para facer fronte ao impacto económico e social xerado pola pandemia internacional da COVID-19, o Goberno, mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, aprobou o estado de alarma no país, habilitando neste contexto e con posterioridade ás Entidades Locais, a través do artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, para destinar o superávit de 2019 para o financiamento dos seguintes tipos de gasto:

- Gastos de investimento incluídos na política de gasto 23 “Servizos Sociais e promoción Social” recollida no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro.

- Con carácter excepcional, prestacións detalladas no apdo. 2 do art. 1 do RD- Lei 8/2020, do 17 de marzo.

As previsións do art. 3 do RD- Lei 8/2020, do 17 de marzo, foron desenvolvidas polo art. 20 do RD- Lei 11/2020, do 31 de marzo, precisando que a cantidade que as Entidades Locais poden destinar ao financiamento de gastos sociais será, como máximo, equivalente ao 20% do saldo positivo definido na letra c) do apdo. 2 da Disposición Adicional Sexta LOEOSF.

Neste sentido, o Concello fixo uso da normativa extraordinaria anteriormente citada aprobando un expediente de crédito extraordinario baixo o número **2020-CREXT-03** (resolución de Alcaldía de 28.04.2020 e convalidación plenaria en acordo de 14.05.2020) de importe total **1.145.754,55 euros** financiado co Remanente líquido de tesourería para gastos sociais do exercicio 2019.

Neste marco, o Goberno ven de aprobar un Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, autorizando no seu artigo 6, e como medida de impulso da actividade económica e o emprego, que as entidades locais poidan utilizar unha parte do seu superávit do exercicio 2019 para o financiamento de gastos de investimento en vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental CERO, se ben, salvo no caso que se acredite que non existen vehículos CERO que cumpran coas condicións mínimas de servizo, poidan ser substituídos por vehículos con etiqueta ECO, e en infraestruturas de recarga para o uso dos vehículos adquiridos. Os vehículos que se adquiran deberán destinarse á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde público, protección civil, prevención e extinción de incendios e transporte de viaxeiros.

Así mesmo, e a diferenza do disposto para o destino do superávit para gastos incluídos na política de gasto 23, será necesario que as entidades locais cumpran coas regras e requisitos da D.A. 6ª da LOEOSF e da D.A. 16ª do TRLRFL.

En relación ás condicións a cumprir polas entidades locais respecto do disposto na D.A. 6ª da LOEOSF, serían as seguintes:

- Cumprir ou non superar os límites que fixa a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento. É dicir, que a débeda viva consolidada do Concello non pode superar o 110% dos ingresos correntes consolidados.

- Estabilidade orzamentaria positiva da liquidación do ano anterior (2019), en termos de contabilidade nacional.
- Remanente de tesourería axustado positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento.
- Que o período medio de pagamento non sexa superior a 30 días en relación cos datos a 31 de decembro ou o último publicado no momento en que se aprobe a utilización do superávit.

En relación ás condicións a cumprir polas entidades locais respecto do disposto na D.A. 16ª do TRLRFL, os investimentos a aprobar deben ter a consideración de investimento financeiramente sustentables.

Segundo o establecido no apartado 1 do artigo 6 do RD-Lei 23/2020, o importe a destinar a este tipo de investimento é limitado, establecendo como importe máximo o 7% do saldo positivo correspondente ao exercicio 2019 que resulte de aplicación das regras do apartado 2 da D.A. 6ª da LOEOSF.

Deste xeito, aquelas entidades locais que pretendan destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables deberán ter en conta o seguinte:

1. O Concello deberá destinar o superávit (ou o remanente líquido de tesourería para gastos xerais si este fose menor) a atender (recoñecer no orzamento e pagar) as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31.12.2019 na conta 413 e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.
2. Do saldo restante (o saldo positivo a destinar a IFS), poderase tomar como máximo o 7% para o financiamento desta tipoloxía de vehículos e a súa infraestrutura, co límite da previsión de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2020.

A estes efectos, con data do 22 de abril de 2020 a Intervención Municipal emitíu, a petición da Alcaldía, informe sobre a delimitación aos efectos do seu deseño da capacidade de financiación en termos de estabilidade resultante da liquidación orzamentaria do 2019 dos RD – Lei 8/2020 de 17 de marzo e RD – Lei 11/2020 de 31 de marzo promulgados a consecuencia do impacto social e económico da COVID-19. Segundo o citado informe, ***a estimación ao peche do exercicio 2020 da capacidade de financiación ascende á 5.728.772,73 euros e o importe que se poderá destinar a atender gasto social da política de gasto 23 “Servizos sociais e promoción social” de acordo co establecido no artigo 20 do RD- Lei 11/2020, é de 1.145.754,55 euros.***

Sendo vontade do Grupo de Goberno municipal facer uso da medida establecida no recente aprobado Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño, desde a Concellaría de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas propónse a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario) para a aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2019 para gastos de investimento en vehículos eléctricos puros, en vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e en infraestruturas de recarga para o uso dos vehículos adquiridos.

IV. XUSTIFICACIÓN DO IMPORTE A APLICAR EN CUMPRIMENTO DAS NORMAS QUE REGULAN O DESTINO DO SUPERÁVIT.

No referente á determinación do importe a considerar na asignación do superávit ás finalidades indicadas cómpre advertir que, se o Concello ten entes dependentes, como é o caso do de Santiago de Compostela, aínda que os elementos que interveñen na confrontación (superávit/RLTGX) estímense en termos de grupo consolidado, deben contrastarse eses compoñentes ente a ente, e comparar en cada un deles o superávit en termos SEC cos respectivos RLTGX/PeG (entes mercantís) considerando o de menor importe. En definitiva, e tendo en conta o criterio seguido polo propio Ministerio de Facenda, en contestación recollida no documento publicado en marzo do 2018 baixo o nome “*Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales. Contestación a las preguntas más frecuentes*”, o importe do superávit/RLTGX consolidado actúa como límite máximo a aportar pola totalidade do grupo, polo que a suma das aportacións de cada ente debe ser menor ou igual a aquel.

Seguindo a pauta descrita, os datos a ter en conta son os seguintes:

	RLTGX/PeG	Superávit	Importe a aplicar
Concello	11.711.465,20	13.370.853,39	11.711.465,20
Auditorio de Galicia	411.830,63	-120.355,02	-120.355,02
INCOLSA	132.049,16	216.246,00	132.049,16
Refuxio de Animais	-19.006,20	-19.006,20	-19.006,20
	12.236.338,79	13.447.738,17	11.704.153,14

Superávit consolidado ano 2019 **13.447.738,17**

RLT para GX consolidado 2019 **12.123.295,83**

Do establecido no cadro anterior, conclúese que o importe a aplicar como destino do superávit do grupo do Concello de Santiago de Compostela é de **11.704.153,14 euros**, sendo que se encontra dentro do límite máximo resultante da liquidación do exercicio 2019 como RLT para GX consolidado do Concello que ascende a 12.123.295,83 euros

(menor que a magnitude do superávit consolidado do Concello que é de 13.447.738,17 euros).

Ao mesmo tempo, e con base no informe de intervención de 22.04.2020 *a estimación ao peche do exercicio 2020 da capacidade de financiación do Concello de Santiago de Compostela ascende á 5.728.772,73 euros.*

V. APLICACIÓN DO SUPERÁVIT DO EXERCICIO 2019 PARA ATENDER Á ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E INFRAESTRUTURAS DE RECARGA AO AMPARO DO RÉXIME EXCEPCIONAL HABILITADO POLO ARTIGO 6 DO REAL DECRETO LEI 23/2020.

Por decreto da concelleira delegada con competencias en economía e facenda do 22.04.2020 aprobouse a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2019 da que resulta un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 597.412,88 euros e un saldo de pagos pendentes de aplicar rexistrados na conta 555 de 108.166,68 euros.

En cumprimento do establecido na D.A. 6ª punto 2.a) da **LOEPSF**, e para poder atender de forma urxente o pagamento e aplicación das facturas e demais gastos rexistrados na conta 413 “Acredores pendentes de aplicar ao orzamento” e o saldo de pagos pendentes de aplicar rexistrados na conta 555 “Pagos pendentes de aplicar ao orzamento”, aprobouse en acordo plenario a aprobación dun expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-02 de importe 439.372,10 euros financiado co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2019 co obxecto de aplicar o superávit para a cobertura orzamentaria dos gastos rexistrados na conta 413 e os pagos rexistrados na conta 555, así como o seu recoñecemento extraxudicial de créditos, sen prexuízo de que se tramiten con posterioridade os que resulten precisos para esgotar a aplicación deste recurso financeiro.

Do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 reflectidas na liquidación do exercicio 2019 de importe 597.412,88 euros, non se habilitou crédito nesa primeira modificación orzamentaria por importe de 254.478,27 euros con base nunha serie de motivacións expostas no propio expediente. Deste xeito, o saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 non reflectidas nese primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación do superávit de 2019 terá carácter prioritario e contará coa reserva de crédito necesaria nos seguintes expedientes que se formulen co mesmo destino.

Por outra banda, o Concello fixo uso da normativa extraordinaria anteriormente citada aprobando un expediente de crédito extraordinario baixo o número 2020-CREXT-03 (resolución de Alcaldía de 28.04.2020 e convalidación plenaria en acordo de 14.05.2020)

de importe total 1.145.754,55 euros financiado co Remanente líquido de tesourería para gastos sociais do exercicio 2019.

Do antedito pódese concluír que o importe máximo do superávit 2019 que o Concello de Santiago de Compostela podería destinar como destino previsto no artigo 6 do Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño, é de **401.014,09 euros**, e o seu cálculo é o que se amosa no seguinte cadro explicativo:

(A) - Importe a aplicar do Superávit 2019	11.704.153,14	
(B) - Límite máximo: estimación intervención capacidade de financiamento ao peche do exercicio 2020	5.728.772,73	
Aplicación realizada do RLT para GX do 2019	Importe	Expediente modificativo
Destino OPAS 2019	342.934,61	2020-CREXT-02
Destino PPA 2019	96.437,49	2020-CREXT-02
Suma de aplicacións efectuadas na actualidade	439.372,10	
Destino OPAS 2019 pendentes de habilitación de crédito	254.478,27	
(C) Saldo positivo - saldo a destinar a IFS con límite de previsión de liquidación de 2020	11.010.302,77	
Importe máximo para atender gasto social (20% s/(B))	1.145.754,55	2020-CREXT-03
(D) Saldo a destinar a vehículos eléctricos = previsión liquidación de 2020 ao ser menor que o saldo positivo	5.728.772,73	
(E) Gastos de investimento en vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental CERO (7% s/(D))	401.014,09	

Feita esta análise e cuantificado o importe máximo, e tendo en conta a vontade do Grupo de Goberno municipal de facer uso da medida establecida no recente aprobado Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño de destino do superávit do exercicio 2019 pódese concluír que a contía máxima de superávit 2019 que podería destinar o Concello á adquisición de vehículos eléctricos e infraestruturas de recarga no exercicio 2020 é de **401.014,09 euros** que se corresponde co 7% da estimación realizada da capacidade de financiamento do Concello ao peche do 2020 (5.728.772,73 euros).

Do mesmo xeito, o informe da intervención municipal que se emitirá en relación á tramitación deste expediente modificativo de crédito deberá verificar se a Administración municipal cumpre cos requisitos que con carácter xeral require a DA 6ª da LOEPYSF para aplicar o superávit a IFS e, polo tanto, no contexto do RD-Lei 23/2020, para aplicar o superávit en termos de contabilidade nacional (SEC-2010) da liquidación do 2019 a gastos de investimento en vehículos eléctricos e infraestrutura de recarga.

Unha vez analizada a memoria xustificativa que forma parte do expediente da Concellaría de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas, sobre os investimentos a financiar co superávit resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019 de importe total 370.500,00 euros, que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-11, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos novos gastos propostos, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente de crédito extraordinario que se presenta a aprobación, que se financia co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2019, serve para habilitar crédito nunha serie de aplicacións orzamentarias que se crean novas no capítulo 6 do orzamento de gastos do exercicio 2020, integrados nos programas de gasto 13200 (policía local), 13500 (protección civil) e 13600 (servizo de extinción de incendios e salvamento) para responder á satisfacción das necesidades de vehículos eléctricos e infraestruturas de recarga manifestadas polos servizos correspondentes e cumpre cos obxectivos fixados no artigo 6 do Real Decreto-Lei 23/2020 en relación ao destino do superávit 2019.

Do mesmo xeito, a modificación orzamentaria proposta non impacta dun xeito negativo no cumprimento do obxectivo de estabilidade nin da regra de gasto, se ben habería que ter en conta as limitacións as que se fan referencia en relación á estabilidade no informe de intervención de 22.04.2020 que forma parte do expediente.

O detalle da modificación orzamentaria proposta é o seguinte:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLT para GX 2019				
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Subministro de 4 vehículos tipo turismo (etiqueta ECO) e 1 furgoneta eléctrica para a policía local	060	13200	6240002	2020 4 ELEPL 53	244.000,00	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2019 - aplicación de ingreso 87000	87000	2020 4 ELEPL 53	263.500,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local	060	13200	6230002		19.500,00					
Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal	060	13500	6240002	2020 4 ELEPC 54	48.000,00				2020 4 ELEPC 54	54.500,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para a policía local	060	13500	6230002		6.500,00					
Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6240002	2020 4 ELEBO 55	46.000,00				2020 4 ELEBO 55	52.500,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6230002		6.500,00					
					370.500,00					370.500,00

VI. PROPOSTA

Verificado que este expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2019 segue para o seu uso as prioridades emanadas da D.A. 6ª da LOEPSF e os requisitos establecidos para IFS na D.A. 16ª do TRLRFL tendo en conta os límites e parámetros establecidos no RD-Lei 23/2020 (artigo 6).

Logo de ver a memoria da Concellaría de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas de data 20.07.2020 asinada polos responsables administrativos dos centros xestores de seguridade e orde pública (CX 02), de protección civil (CX 04) e servizo de extinción de incendios e salvamento (CX 05) e a proposta do Concelleiro delegado que acreditan que os investimentos propostos reúnen as características para ser considerados IFS e, polo tanto, financiados co RLT para GX do exercicio 2019 ao abeiro do establecido no propio RD-Lei 23/2020.

Logo de ver o informe do responsable do parque móbil municipal de data 20.07.2020 que xustifica o impacto económico derivado da adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos híbridos a financiar co remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2019.

Logo de ver o carácter específico e determinado dos gastos a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

Tendo en conta os feitos expostos neste informe e de conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e no RD-Lei 23/2020 (artigo 6), e demais disposicións vixentes na materia.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Alcaldía a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-11 por un importe de **TRESCENTOS SESENTA MIL CINCOCENTOS EUROS (370.500,00 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019, coa finalidade de atender á adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga ao amparo do réxime habilitado polo artigo 6 do Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			CX	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Subministro de 4 vehículos tipo turismo (etiqueta ECO) e 1 furgoneta eléctrica para a policía local	060	13200	6240002	02	2020 4 ELEPL 53	244.000,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local	060	13200	6230002			19.500,00
Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal	060	13500	6240002	04	2020 4 ELEPC 54	48.000,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para a policía local	060	13500	6230002			6.500,00
Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6240002	05	2020 4 ELEBO 55	46.000,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6230002			6.500,00
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-11						370.500,00

B) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **370.500,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	370.500,00 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	370.500,00 €

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refíren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista do informe proposta transcrito, acordo da Xunta de Goberno de data 27 de xullo pasado, e máis o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión extraordinaria do día 30 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-11 por un importe de TRESCENTOS SESENTA MIL CINCOCENTOS EUROS (370.500,00 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019, coa finalidade de atender á adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga ao amparo do réxime habilitado polo artigo 6 do Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			CX	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Subministro de 4 vehículos tipo turismo (etiqueta ECO) e 1 furgoneta eléctrica para a policía local	060	13200	6240002	02	2020 4 ELEPL 53	244.000,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local	060	13200	6230002			19.500,00
Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal	060	13500	6240002	04	2020 4 ELEPC 54	48.000,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para a policía local	060	13500	6230002			6.500,00
Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6240002	05	2020 4 ELEBO 55	46.000,00
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6230002			6.500,00
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-11						370.500,00

B) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **370.500,00 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	370.500,00 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	370.500,00 €

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-11 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

12. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE NÚM. 30 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Con data 16 de xullo do corrente ano a concelleira delegada da área de economía e facenda, emitiu a seguinte proposta:

“A omisión da función interventora é un procedemento no ámbito do control interno claramente diferenciado do de reparo, que ten lugar cando o órgano xestor aproba un acto

de contido económico sen o concurso previo dun informe favorable sendo a fiscalización preceptiva, non podendo en tales casos recoñecerse a obrigação, nin tramitarse o pago, nin intervir favorablemente ditas actuacións ata que se coñeza e resólvase a omisión realizada.

Polo tanto a omisión da función interventora cando esta fose preceptiva ten como efecto máis importante a paralización do expediente desde o momento en que tal circunstancia se poña de manifesto pola Intervención e ata que se emende dita omisión, suspendéndose de forma automática a eficacia do acto aprobado nos seus aspectos económico-financeiros.

Ata a aprobación do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, non estaba regulado no ámbito local o procedemento a seguir no caso da omisión da función interventora, dado que nin o RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais nin o RD 500/1990 de 20 de abril, non contemplaban no seu regulación este procedemento, aínda que si era posible a aplicación con carácter supletorio do procedemento previsto para a Administración do Estado na Lei 47/2003 de 26 de novembro Xeral Orzamentaria, - artigo 156 -, e na Circular 3/1996 de 30 de abril da Intervención Xeral da Administración do Estado.

“A entrada en vigor da norma reglamentaria de control interno do Sector Público Local, determina a necesidade de adaptar, - como xa viña apuntado o Consello de Contas de Galicia nos seus informes de fiscalización das entidades do sector local -, os procedementos de tramitación dos expedientes con omisión de fiscalización ao establecido no artigo 28 daquela disposición reglamentaria, reaxustando si fóra preciso as bases de execución do orzamento para incluír a obrigação do órgano de intervención de formular un informe no que se tera que poñer de manifesto, entre outros extremos, a posibilidade ou conveniencia de revisión dos actos dictados con infracción do ordenamento xurídico, que será apreciada polo interventor en función de si realizáronse as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumplimentos legais que se produciron.

O procedemento iníciase cando o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora cando esta fose previa e preceptiva. En tal caso comunicarao á autoridade que inicie o expediente, isto é, ao órgano xestor o cal emitirá a correspondente proposta, podendo aquel solicitar as valoracións, os justificantes, os asesoramentos ou informes técnicos precisos para que a intervención poida emitir o seu informe.

Emitido este informe que non ten natureza de informe de fiscalización e xa que logo non concluirá nunca nun reparo, senón que se emite no exercicio do control permanente,



remitirase o actuado no caso dos municipios do Título X da Lei 7/85 reguladora das bases do Réxime Local, como é o correspondente a esta Administración municipal, ao órgano titular do departamento ou da concejalía do área á que pertenza o órgano responsable da tramitación do expediente ou ao que estea adscrito o organismo autónomo sen que dita competencia poida ser obxecto de delegación, para que acorde, no seu caso, o sometimento do asunto á Xunta de Goberno Local para que adopte o acordo procedente.

Unha vez resolto e, no seu caso, convalidado o gasto, poderá continuarse o procedemento establecido, isto é, fiscalizarse a fase de ordenación do pago e materializarse este na forma habitual.

A finalidade última deste procedemento é evitar unha reclamación de indemnización de danos e prexuízos por parte do terceiro que efectuou a entrega de bens ou prestación de servizos, evitando que os prexuízos derivados de non seguir o procedemento previsto recaian sobre terceiros que se atopan nunha relación acreedora coa Administración municipal.

Recordemos finalmente que de conformidade co artigo 258.d) da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva constitúe unha infracción moi grave nos termos previstos nesta norma.

Por outra banda, a actual regulación dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de créditos contida nas bases de execución do orzamento en vigor permiten incluír nos mesmos tanto obrigacións que proceden de exercicios anteriores como obrigacións do propio exercicio comprometidas sen que exista crédito ou outro tipo de vicios de nulidad.

Con todo, a interpretación literal dos artigos 176 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 26 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, indican que con cargo aos créditos do estado de gastos de cada exercicio só poderán contraerse obrigacións derivadas de prestacións ou gastos realizados no mesmo exercicio, e que xa que logo a figura dos recoñecementos extrajudiciais de crédito só poderá empregarse para a imputación de obrigacións de exercicios anteriores, o que require axustar a regulación prevista nas bases de execución do orzamento en relación a este procedemento excepcional ao previsto na normativa reguladora das facendas locais.

En base ao anterior por esta Concejalía Delegada de Economía e Facenda propónse á Xunta de Goberno Local para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Informativa da Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do contido da base 30 das de execución do Orzamento Xeral vigente, quedando redactada nos seguintes termos:
Base 30ª Recoñecemento extrajudicial de créditos, convalidación e omisión da función interventora.

1.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

1.1.- Tramitarase expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito para a imputación ao Orzamento corrente de obrigacións derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

Con todo, poderán imputarse ao orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos as seguintes obrigacións de exercicios anteriores:

- a) Atrasos a favor do persoal da entidade.
- b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Os gastos derivados de expedientes de responsabilidade patrimonial.
- d) Os gastos que teñan a súa orixe en resolucións xudiciais.
- e) Gastos derivados de contratos válidamente celebrados, de tracto sucesivo e periódico.
- f) Os intereses de demora liquidados durante o exercicio orzamentario que deba aboar ista Administración municipal.
- g) Os gastos derivados de resolucións do Xurado Territorial de Expropiación.
- h) Tributos.
- i) Sancións.

1.2.- O recoñecemento extrajudicial de créditos esixe:

- a) Recoñecemento da obrigación mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular.
- b) Existencia de dotación presupuestaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

1.3.- A competencia para o recoñecemento extrajudicial de créditos corresponde ao Pleno. No caso do organismo autónomo Auditorio de Galicia, o órgano competente será o Consello Rector.

1.4.- O expediente para o recoñecemento da obrigaón deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa subscrita polo técnico responsable do servizo ou polo coordinador ou Director do Área, coa conformidade do Concelleiro responsable do programa presupuestario en relación aos seguintes extremos:

- Recoñecemento da obrigaón mediante a explicación das circunstancias e condicionamentos que deron orixe á actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

- Declaración expresa de que as actuacións producíronse baixo o principio de boa fe e confianza lexítima.

- Existencia de dotación presupuestaria específica, adecuada e suficiente para imputar o respectivo gasto.

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e as causas polas que se incumpliu o procedemento xurídico-administrativo correspondente, indicando os fundamentos xurídicos polos cales procede a tramitación do recoñecemento extrajudicial de crédito.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

- Garantías que procedan ou dispensa motivada destas.

- Informe de valoración do que se deduza que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e axustados ao mercado.

- Declaración expresa de que a imputación do gasto non vai producir prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na consiguiente aplicación presupuestaria. De non existir dotación presupuestaria no Orzamento requirirase o seu habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que poderá ser previo ou simultáneo ao acordo sobre o recoñecemento da obrigaón.

-Cando a prestación estéase executando no momento en que se faga patente a contratación irregular, tanto si a empresa xa reclamou algún pago coma se non, a Administración ten a obrigação de poñer fin a esta actuación anormal, salvo que a non continuidade da prestación producise un grave trastorno ao servizo público, nese caso poderá dispoñerse a continuidade dos efectos do contrato e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Neste caso na memoria xustificativa motivarase suficientemente esta continuidade da prestación fixando unha data certa que sirva como límite temporal máximo para esa continuidade, debendo dispoñerse expresamente no propio acordo que se adopte. A estes efectos, deberá aportarse documento contable que acredite a existencia de crédito para devandito período. Esta motivación deberá ter en conta que o feito de permitir a continuación da situación anormal podería desencadear graves responsabilidades tanto para os responsables do Centro Xestor como para a empresa executora da prestación.

b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acreedor ou da realización da prestación debidamente conformados polos responsables do servizo e, no seu caso, certificación de obra.

c) Documento contable de reserva de crédito RC.

d) Informe da Intervención Xeral

e) Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.

2.- Validacións:

Poderá ser obxecto de validación, cos mesmos requisitos e formación do expediente indicados no apartado anterior, os gastos realizados no exercicio corrente prescindindo do procedemento establecido, tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios de execución do gasto. A competencia para a convalidación de gastos corresponde á Xunta de Goberno Local e as correspondentes propostas de acordo detallarán individualmente, no seu caso, as diferentes propostas de gasto cuxa validación se propón.

No caso do organismo autónomo Auditorio de Galicia o órgano competente para a validación de gastos será o Consello Rector.

3.- Omisión da función interventora:

Nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e se tivese omitido, non se poderá recoñecer a obrigação nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos seguintes términos:

Si o órgano interventor ao coñecer dun expediente observará omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciará o expediente e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta. Este informe, que non terá natureza de fiscalización, poñerá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, cando menos, o órgano xestor o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto presupuestario e o exercicio económico ao que se imputa.

b) Exposición dos incumplimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, producíronse no momento en que se adoptou o acordo ou acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente o preceptos legais incumplidos.

c) Constatación de que as prestacións efectivamente leváronse a cabo e de que o seu prezo axústase ao prezo de mercado, para a cal teranse en conta as valoracións e justificantes aportados polo órgano xestor que haberá de solicitar o asesoramento e informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito presupuestario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia da revisión dos actos dictados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumplimentos legais que se produciron. Para este fin, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializárase acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto ao seu favor e de incumplir a obrigação ao seu cargo polo que por razóns de economía procesal, só sería procedente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de devanditas indemnizacións sexa inferior ao que se propón.

f) No non previsto nesta base, será de aplicación básica o contido do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Enténdese que a Intervención Xeral ten coñecemento dun expediente cando lle é remitido para o seu fiscalización, sen que en ningún caso teña efecto a presenza da intervención nun órgano en que se adopte un acordo con omisión de fiscalización.

4.- O acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia de responsabilidades que, no seu caso, houber lugar.

5.- O órgano interventor ou, no seu caso, o órgano que teña atribuída a función contable, con ocasión da elaboración da Conta Xeral, informará sobre o número de expediente que foron tramitados sen control fiscal, abarcando os tramitados por obrigacións nadas fose do orzamento (REC), as obrigacións nadas dentro do orzamento pero que necesiten a seu validación para convertelas en obrigacións de pago, e por último as tomas de razón contable derivadas de acordos adoptados sen fiscalización.

6.- As unidades xestoras, salvo acreditación contraria, serán responsables da tramitación de gastos sen suxeición aos requisitos que en cada caso establece o ordenamento xurídico.

7.- A omisión da función interventora alcanza tanto aos supostos en que xa se puido dictar o acto administrativo con contido económico como aqueles nos que se produciu o feito que motivase o acto administrativo sen que este áchase chegado a dictar.

Segundo.- Someter o acordo ao réxime de información, reclamacións, publicidade e recursos previstos nos artigos 169 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba.

Terceiro.- Este acordo provisional considerarase definitivamente aprobado, si transcorrido o preceptivo prazo de exposición pública de acordo coa normativa citada no apartado anterior non se presentaron reclamacións.”

Consta, así mesmo, no expediente informe de intervención xeral da mesma data, con respecto á modificación da presente base, máis o acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xullo do corrente ano de aprobación do proxecto.

Á vista da proposta transcrita, informe de intervención, acordo da Xunta de Goberno do pasado día 17, e máis o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas, correspondente á súa sesión extraordinaria do día 27 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, CA e BNG (10 PSdeG-PSOE, 3 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do contido da base 30 das de execución do Orzamento Xeral vixente, quedando redactada nos seguintes termos:

Base 30ª Recoñecemento extraxudicial de créditos, convalidación e omisión da función interventora.

1.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

1.1.- Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao Orzamento corrente de obrigacións derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

Con todo, poderán imputarse ao orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos as seguintes obrigacións de exercicios anteriores:

- a) Atrasos a favor do persoal da entidade.
- b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Os gastos derivados de expedientes de responsabilidade patrimonial.
- d) Os gastos que teñan a súa orixe en resolucións xudiciais.
- e) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e periódico.
- f) Os intereses de demora liquidados durante o exercicio orzamentario que deba aboar esta Administración municipal.
- g) Os gastos derivados de resolucións do Xurado Territorial de Expropiación.
- h) Tributos.
- i) Sancións.

1.2.- O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

- a) Recoñecemento da obrigación mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular.
- b) Existencia de dotación presupostaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

1.3.- A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ao Pleno. No caso do organismo autónomo Auditorio de Galicia, o órgano competente será o Consello Reitor.

1.4.- O expediente para o recoñecemento da obrigación deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa subscrita polo técnico responsable do servizo ou polo coordinador ou Director do Área, coa conformidade do Concelleiro responsable do programa presupostario en relación aos seguintes extremos:

- Recoñecemento da obrigación mediante a explicación das circunstancias e condicionamentos que deron orixe á actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

- Declaración expresa de que as actuacións producíronse baixo o principio de boa fe e confianza lexítima.

- Existencia de dotación presupostaria específica, adecuada e suficiente para imputar o respectivo gasto.

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e as causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente, indicando os fundamentos xurídicos polos cales procede a tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

- Garantías que procedan ou dispensa motivada destas.

- Informe de valoración do que se deduza que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e axustados ao mercado.

- Declaración expresa de que a imputación do gasto non vai producir prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación presupostaria. De non existir dotación presupostaria no Orzamento requirirase o seu habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que poderá ser previo ou simultáneo ao acordo sobre o recoñecemento da obrigación.

-Cando a prestación estéase executando no momento en que se faga patente a contratación irregular, tanto si a empresa xa reclamou algún pago coma se non, a Administración ten a obrigaón de poñer fin a esta actuación anormal, salvo que a non continuidade da prestación producise un grave trastorno ao servizo público, nese caso poderá dispoñerse a continuidade dos efectos do contrato e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Neste caso na memoria xustificativa motivarase suficientemente esta continuidade da prestación fixando unha data certa que sirva como límite temporal máximo para esa continuidade, debendo dispoñerse expresamente no propio acordo que se adopte. A estes efectos, deberá aportarse documento contable que acredite a existencia de crédito para devandito período. Esta motivación deberá ter en conta que o feito de permitir a continuación da situación anormal podería desencadear graves responsabilidades tanto para os responsables do Centro Xestor como para a empresa executora da prestación.

b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acreedor ou da realización da prestación debidamente conformados polos responsables do servizo e, no seu caso, certificación de obra.

c) Documento contable de reserva de crédito RC.

d) Informe da Intervención Xeral

e) Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.

2.- Validacións:

Poderá ser obxecto de validación, cos mesmos requisitos e formación do expediente indicados no apartado anterior, os gastos realizados no exercicio corrente prescindindo do procedemento establecido, tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios de execución do gasto. A competencia para a convalidación de gastos corresponde á Xunta de Goberno Local e as correspondentes propostas de acordo detallarán individualmente, no seu caso, as diferentes propostas de gasto cuxa validación se propón.

No caso do organismo autónomo Auditorio de Galicia o órgano competente para a validación de gastos será o Consello Reitor.

3.- Omisión da función interventora:

Nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e se tivese omitido, non se poderá recoñecer a obrigação nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos seguintes termos:

Si o órgano interventor ao coñecer dun expediente observará omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciará o expediente e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta. Este informe, que non terá natureza de fiscalización, poñerá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, cando menos, o órgano xestor o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto presupostario e o exercicio económico ao que se imputa.

b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, producíronse no momento en que se adoptou o acordo ou acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente o preceptos legais incumpridos.

c) Constatación de que as prestacións efectivamente leváronse a cabo e de que o seu prezo axústase ao prezo de mercado, para a cal teranse en conta as valoracións e xustificantes aportados polo órgano xestor que haberá de solicitar o asesoramento e informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito presupostario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para este fin, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializárase acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto ao seu favor e de incumprir a obrigação ao seu cargo polo que por razóns de economía procesal, só sería procedente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de devanditas indemnizacións sexa inferior ao que se propón.

f) No non previsto nesta base, será de aplicación básica o contido do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Enténdese que a Intervención Xeral ten coñecemento dun expediente cando lle é remitido para o seu fiscalización, sen que en ningún caso teña efecto a presenza da intervención nun órgano en que se adopte un acordo con omisión de fiscalización.

4.- O acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia de responsabilidades que, no seu caso, houber lugar.

5.- O órgano interventor ou, no seu caso, o órgano que teña atribuída a función contable, con ocasión da elaboración da Conta Xeral, informará sobre o número de expediente que foron tramitados sen control fiscal, abarcando os tramitados por obrigacións nadas fose do orzamento (REC), as obrigacións nadas dentro do orzamento pero que necesiten a seu validación para convertelas en obrigacións de pago, e por último as tomas de razón contable derivadas de acordos adoptados sen fiscalización.

6.- As unidades xestoras, salvo acreditación contraria, serán responsables da tramitación de gastos sen suxeición aos requisitos que en cada caso establece o ordenamento xurídico.

7.- A omisión da función interventora alcanza tanto aos supostos en que xa se puido ditar o acto administrativo con contido económico como aqueles nos que se produciu o feito que motivase o acto administrativo sen que este áchase chegado a ditar.

Segundo.- Someter o acordo ao réxime de información, reclamacións, publicidade e recursos previstos nos artigos 169 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba.

Terceiro.- Este acordo provisional considerárase definitivamente aprobado, si transcorrido o preceptivo prazo de exposición pública de acordo coa normativa citada no apartado anterior non se presentaron reclamacións.

13. APROBACIÓN DO CONVENIO EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA-DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O informe emitido polo tesoureiro municipal con data 27 de maio do corrente ano en relación á aprobación deste convenio, ten o seguinte contido:

“I.- ANTECEDENTES:

I.1.- A estratexia da Tesourería tendente a asumir a totalidade das competencias para a mellor xestión dos ingresos municipais

O Plan estratéxico da Tesourería contén unha liña estratéxica denominada: “asumir a totalidade das competencias para a xestión dos ingresos municipais”. Con esta liña se pretende: “Asunción por parte do Concello -a través dos instrumentos oportunos e cando o marco normativo así o permita-, da totalidade das competencias que permitan unha xestión autónoma dos ingresos municipais. Neste sentido promoverase a participación municipal: na xestión catastral para a mellor xestión do imposto sobre bens inmobles;

No desenvolvemento desta liña se fixa como obxectivo estratéxico asociado: “establecer convenios con administracións e entidades para axilizar os trámites e mellorar a xestión”. Dentro do obxectivo estratéxico se determina como obxectivo operativo: “Formalizar novos convenios para incrementar as fontes de información”. Por último para o exercicio 2020 se prevé como acción de mellora: Actualizar con un novo convenio a relación coa Dirección Xeral do Catastro

1.2.- A experiencia do convenio anterior

O Concello de Santiago de Compostela subscribiu o 1 de xuño de 2001 coa Secretaria de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) un convenio de colaboración en materia de xestión catastral. Se ben a posta en marcha foi especialmente difícil, co paso do tempo o Concello foise dotando dos medios necesarios para a xestión do convenio -ben con persoal propio, ben coa colaboración permanente de empresas externas- e neste momento os compromisos do Convenio desenvólvense con normalidade.

Nestes anos de colaboración do Concello coa Xerencia do Catastro o control catastral foise incrementando e mellorando:

.- A colaboración na tramitación das alteracións xurídicas ou cambios de dominio é completa no ámbito urbano e está vinculada coas declaracións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías) e coa súa inspección, polo que o catastro neste ámbito esta moi actualizado;

.- A tramitación das alteracións de orde físico e económico tamén se realiza con regularidade e o Concello ten establecido un sistema de alarmas relacionado coas licenzas e autorizacións urbanísticas que -aínda que limitado- non deixa de supoñer unha notable axuda no control das omisións do deber de declarar neste ámbito.

O Concello tamén ten colaborado coa Xerencia do Catastro noutros ámbitos alleos ao convenio como: realización de notificacións individuais dos valores catastrais; actuacións de atención ao público nos Procedementos de Valoración Colectiva de carácter xeral, colaboración no procedementos de regularización catastral; ...

I.3.- O novo convenio que propón a Dirección Xeral do Catastro

A Dirección Xeral do Catastro propón un novo marco de colaboración coas entidades locais en materia de xestión catastral que se estende a inmobles rústicos e urbanos e se concreta nun mantemento integral. Este novo marco de colaboración se instrumenta nun novo convenio que supón unha importante evolución, xa que pasa:

- .- dun convenio para a tramitación de expedientes a un convenio para a colaboración no mantemento,
- .- dun convenio con distintos réximes xurídicos en función do ámbito de colaboración a un convenio con un réxime xurídico homoxéneo: a encomenda de xestión,
- .- dun convenio con distintos ámbitos territoriais a o convenio para todo o termo municipal.

Para a consecución do obxectivo dun Catastro permanentemente actualizado, a Dirección Xeral do Catastro habilita a nova figura do “Mapa de Xestión”, definido como: *ferramenta de xestión das necesidades de actualización das descrições catastrais dos inmobles e de visualización das mesmas sobre o parcelario catastral*. Este Mapa estará a disposición do Concello no marco dos sistemas de información catastral, de maneira que reflicta, de forma permanentemente actualizada, as incidencias detectadas e as informacións sobre as distintas fases das actuacións que se desenvolvan.

O novo convenio ten por obxecto establecer as novas regras de colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro e o Concello para o exercicio polo Concello en réxime de encomenda de xestión das seguintes funcións de xestión catastral: tramitación dos expedientes de alteración de dominio; tramitación dos expedientes de alteracións de orde físico e económico; colaboración en actuacións de mantemento.

O convenio proposto presenta as seguintes diferenzas respecto do convenio actualmente vixente

A.- Tramitación dos expedientes de alteracións de dominio:

- 1.- Substitúe o sistema vixente de delegación de funcións polo sistema de encomenda de xestión: en consecuencia o Concello xa non ten que adoptar os acordos de cambio de titular, nin resolver os recursos de reposición.
- 2.- Amplía o ámbito de actuación ao solo rústico: non se limita aos inmobles en solo urbano senón que o convenio tamén inclúe as alteracións de dominio dos inmobles en solo rústico.

3.- Establece a gravación das modificacións dos datos xurídicos directamente na base de datos da Dirección Xeral do Catastro: os mellores medios tecnolóxicos dos que agora dispón a Dirección Xeral do Catastro deixaron obsoleto o sistema de intercambio mediante ficheiros VARPAD. A Xerencia deberá permitir a actualización da sede electrónica mediante a gravación directa de persoal do Concello ou a través de servizos web

B.- Tramitación dos expedientes de alteracións de orde físico e económico.

1.- Substitúe o sistema vixente de prestación de servizos polo sistema de encomenda de xestión: o cambio respecto ao sistema de xestión ten escasa incidencia.

2.- Amplía o ámbito de actuación ao solo rústico: non se limita aos inmobles en solo urbano senón que o convenio tamén inclúe as alteracións de orde físico e económico en solo rústico

3.- A actualización cartográfica debe facerse mediante o mantemento en liña nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro coa finalidade de asegurar a identidade xeométrica.

C.- Colaboración en actuacións de mantemento.

1.- Substitúe o sistema vixente de prestación de servizos polo sistema de encomenda de xestión

2.- Nesta cláusula se concentran as maiores variacións respecto do convenio vixente. Esta colaboración en actuacións de mantemento ten encaixe no marco dos planos de mantemento, regularización e inspección da dirección Xeral do Catastro; e se realiza sobre a base do Mapa de Xestión -figura novidosa-, como ferramenta de xestión das necesidades de actualización das descrições catastrais dos inmobles e de visualización das mesmas sobre o parcelario catastral.

3.- Habilita ao Concello para realizar actuacións propias da inspección, a saber: detección de omisións; incorporación de discrepancias; requirimentos de información e de documentación, e tratamento da información subministrada; preparación de borradores de declaración; gravación dos datos na base de datos catastral; Tamén habilita para as actuacións de colaboración na investigación das titularidades catastrais dos inmobles.

D.- Colaboración noutros ámbitos.

O resto de cuestións que regulaba o anterior convenio e que reitera o que agora se propón son de carácter mais accesorio e no presentan diferenzas importantes. A regulación actual

e moi similar nas seguintes cuestións: Colaboración no proceso de notificacións; Cumprimento da carta de servizos do Catastro; Protección de datos de carácter persoal; Réxime xurídico; e Comisión de seguimento.

II.- LEXISLACIÓN E CONSIDERACIÓNS:

O convenio adoptado entre dúas Administracións Públicas -O Estado e O Concello- é, consonte co artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, un acordo con efectos xurídicos para acadar un fin común, dando lugar á formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.

Compre sinalar que se trata dun convenio tipo deseñado pola Dirección Xeral do Catastro en colaboración coas entidades representativas dos Entes Locais.

II.1.- A encomenda de xestión:

A [Lei 40/2015, de 1 de outubro](#), de Réxime Xurídico do Sector Público establece no artigo 8 que “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos que a teñan atribuída como propia”. Sen embargo, existen técnicas de (1) transferencia da titularidade e exercicio de competencias e tamén técnicas de (2) transferencia do exercicio da competencia ou que afectan aos elementos determinantes do seu exercicio, pero non a súa titularidade. A [Lei 40/2015](#) enuncia as técnicas de alteración dos elementos determinantes do exercicio da competencia, a saber: encomenda de xestión, delegación de firma e suplencia.

A encomenda ven regulada no [artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro](#). A característica fundamental que permite distinguir a encomenda da delegación é que a primeira se refire a actividades materiais ou técnicas, de xestión -como o seu nome indica- ou de servizos da competencia de un órgano ou Entidade. Non opera no ámbito da adopción de decisións que tamén forma parte do exercicio da competencia. Por iso o lexislador precisa que se trata da alteración de "elementos" determinantes do exercicio da competencia. A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade pero tampouco dos elementos substantivos do seu exercicio. En consecuencia, o órgano ou Entidade de dereito público encomendante segue sendo o responsable e debe ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda. A decisión seguirá sendo do encomendante o que ten relevancia tamén a efectos de recursos.

A Lei 40/2015 especifica como causas que fundamentan ou serven de base a encomenda a eficacia, e a carencia polo órgano encomendante dos medios técnicos idóneos para o seu desempeño. Tamén cabe resaltar como razóns específicas que poden e acostuman dar lugar a necesidade de encomenda e que resultan de aplicación ao presente suposto: a

proximidade ao cidadán, a racionalidade xerencial, a redución de custes, a optimización dos recursos públicos,

Respecto das funcións que o Concello asume mediante convenio en réxime de encomenda de xestión debe terse en conta o disposto no artigo 48.9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: “9. *Las normas del presente Capítulo no serán de aplicación a las encomiendas de gestión y los acuerdos de terminación convencional de los procedimientos administrativos*”.

II.2.- Normativa de aplicación:

Dende a perspectiva estritamente xurídica ao convenio lle resulta de aplicación normativa tanto de carácter xeral como de carácter sectorial

A.- Normativa de carácter xeral

A.1.- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula os convenios nos artigos 47 a 53. Consonte co disposto no artigo 47.2 a) o convenio debe ser configurado ou definido como convenio interadministrativo, ao asinarse entre dúas administracións públicas e incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

“2. Los convenios que suscriban las Administraciones Públicas, los organismos públicos y las entidades de derecho público vinculados o dependientes y las Universidades públicas, deberán corresponder a alguno de los siguientes tipos:

a) Convenios interadministrativos firmados entre dos o más Administraciones Públicas, o bien entre dos o más organismos públicos o entidades de derecho público vinculados o dependientes de distintas Administraciones públicas, y que podrán incluir la utilización de medios, servicios y recursos de otra Administración Pública, organismo público o entidad de derecho público vinculado o dependiente, para el ejercicio de competencias propias o delegadas.”

A.2.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, regula os convenios no artigo 57 –modificado polo artigo 1.16 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local-.

1. La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban.

De cada acuerdo de cooperación formalizado por alguna de estas Administraciones se dará comunicación a aquellas otras que, resultando interesadas, no hayan intervenido en el mismo, a los efectos de mantener una recíproca y constante información.

2. La suscripción de convenios y constitución de consorcios deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, eliminar duplicidades administrativas y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

B.- Normativa de carácter sectorial:

B.1.- O texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, establece no seu artigo 4 a competencia exclusiva do Estado na formación e mantemento do Catastro Inmobiliario, e na difusión da información catastral.

O mesmo artigo prevé que ditas funciones exerceranse pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezcan coas diferentes Administracións, Entidades e Corporacións Públicas.

“4. La formación y el mantenimiento del Catastro Inmobiliario, así como la difusión de la información catastral, es de competencia exclusiva del Estado. Estas funciones, que comprenden, entre otras, la valoración, la inspección y la elaboración y gestión de la cartografía catastral, se ejercerán por la Dirección General del Catastro, directamente o a través de las distintas fórmulas de colaboración que se establezcan con las diferentes Administraciones, entidades y corporaciones públicas.

No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior, la superior función de coordinación de valores y la de aprobación de las ponencias de valores se ejercerán en todo caso por la Dirección General del Catastro.”

B.2.- O Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, regula a colaboración na xestión do Catastro entre a Administración do Estado e outras Administracións, Entidades e Corporacións públicas, fixando - no Capítulo I do Título IV, artigos 62 a 68- o marco ao que deben suxeitarse os convenios que, sobre esta materia, se subscriban. Ao artigo 62 establece:

“Para el ejercicio de las funciones atribuidas a la Dirección General del Catastro podrán suscribirse convenios de colaboración con otras Administraciones, entidades y corporaciones públicas, con las limitaciones previstas en el artículo 6 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, así como en el texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario y en este capítulo.”

II.3.- Requisitos de validez e eficacia:

O convenio cumpre os requirimentos normativos.

1.- Competencia:

Tanto a Administración municipal como a Administración estatal subscriben o convenio no ámbito das súas respectivas competencias, e o convenio non supón cesión da titularidade de ditas competencias.

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece “1. *Las Administraciones Públicas, sus organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes y las Universidades públicas, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrán suscribir convenios con sujetos de derecho público y privado, sin que ello pueda suponer cesión de la titularidad de la competencia*”.

2.- Eficiencia e utilidade pública:

Como se ben demostrando non anos de xestión do convenio anterior o convenio mellora a eficiencia da xestión pública; facilita a utilización conxunta de medios públicos; contribúe á realización de actividades de utilidade pública; e cumpre coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O artigo 48 no parágrafo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público dispón: “3. *La suscripción de convenios deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, facilitar la utilización conjunta de medios y servicios públicos, contribuir a la realización de actividades de utilidad pública y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera*”.

3.- Sustentabilidade e capacidade de financiamento:

Como tamén demostra a experiencia dos anos de xestión co convenio anterior o Concello ten capacidade para financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio, gastos pouco significativos en relación cos importantes ingresos derivados da mellor xestión catastral que se deriva da actuación municipal.

O artigo 48 no parágrafos 5 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público dispón: “5. *Los convenios que incluyan compromisos financieros deberán ser financieramente sostenibles, debiendo quienes los suscriban tener capacidad para financiar los asumidos durante la vigencia del convenio*”.

4.- Memoria xustificativa

Consta no expediente unha pequena memoria xustificativa -a mellor xustificación son as melloras na xestión catastral concretadas durante a vixencia do convenio anterior- que recolle: o obxecto do convenio; o alcance das funcións a exercer; e os medios persoais e materiais. En todo caso deberá quedar acreditado no expediente a suficiencia de ditos medios.

O artigo 63.1 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario establece: “1. ... *A dicha solicitud se adjuntará memoria explicativa en la que se hará constar el objeto del convenio, el alcance de las funciones a ejercer en cada caso y los medios personales y materiales de que se dispone para el desarrollo de las funciones cuya gestión se pretende convenir.*”

II.4.- Contido do convenio:

O contido axustase con carácter xeral ao disposto no artigo 49 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e especificamente ao establecido no artigo 64 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

As cláusulas do convenio recollen: suxeitos que interveñen e capacidade xurídica; competencia na que se fundamenta a actuación; obxecto e actuacións a realizar por cada suxeito; obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte; consecuencias en caso de incumprimento; mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución; réxime de modificación; prazo de vixencia.

II.5.- Tramitación:

Na tramitación do Convenio ata a súa entrada en vigor deben ser tidas en conta as disposicións recollidas no artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e con carácter específico o artigo 63 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. A saber:

- 1.- Acordo do Pleno. O órgano competente para autorizar o convenio é o Pleno da Corporación. Deberá subscribilo o Alcalde que ostenta a representación do Concello.
- 2.- Presentación de solicitude a través da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia. Xunto coa solicitude achegarase a citada memoria explicativa.

3. A Dirección Xeral do Catastro, á vista da proposta formulada e previo informe do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria e da Xerencia, decidirá sobre la conveniencia ou non da subscrición do convenio.

4- Firma do convenio. O convenio se perfecciona pola prestación do consentimento das partes, e obriga as partes dende a súa firma, agás que no propio convenio se estableza outra cousa.

5.- Publicación. O convenio deberá ser publicado no BOE. Neste sentido: .- o artigo 8.1.b), da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno recolle dentro das obrigas de publicidade a publicación dos convenios; .- o artigo 144.3 da LRJSP establece a obriga de inscrición do convenio no rexistro de convenios.

III.- CONCLUSIÓNS:

A xuízo deste funcionario o novo convenio:

Un.- Cumpre a normativa tanto legal como regulamentaria.

Dous.- Permitirá manter as sinerxías que a xestión da información catastral xera no funcionamento do Concello: mantemento permanentemente actualizado dos datos da base de datos cidade ao servizo de toda a organización municipal

Tres.- Contribuirá a incrementar os niveis de eficacia e eficiencia no cumprimento das funcións tributarias

Polo exposto, cremos conveniente que a Concelleira delegada de Facenda propoña ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o “CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”.

Segundo.- Remitir o acordo á Dirección Xeral do Catastro para a súa aprobación.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a execución deste acordo.”

Figura no expediente providencia da concellaría delegada de facenda, memoria asinada polo señor tesoureiro e concelleira de facenda, máis o texto do convenio.

Á vista do informe de tesourería e máis providencia da concelleira delegada da área de economía e facenda, e o texto do convenio que obra no expediente, e o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión extraordinaria do día 27 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Santiago de Compostela.

Segundo.- Remitir o acordo á Dirección Xeral do Catastro para a súa aprobación.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a execución deste acordo.

14. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE APOIO URGENTE AO COLECTIVO DE COMERCIANTES DE ÁREA CENTRAL.

Con data 16 de xullo do corrente ano e número de rexistro 203, foi presentada a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O complexo comercial de Área Central posto en servizo en 1993 atravesa momentos dunha extrema dificultade económica que fai perigar o seu correcto funcionamento inmediato e pon en risco a pervivencia futura do que foi un emblema da actividade comercial, hostaleira, ofimática e mesmo residencial da cidade de Santiago. Área Central alberga aínda hoxe a máis de 2.000 veciños, 200 traballadores nas oficinas, máis de 400 empregados nas tendas e no hipermercado, unha media diaria anual de 100 clientes no hotel e máis de 12.000 compradores e clientes habituais que acoden a diario, segundo as estimacións da entidade xestora do centro comercial.

A situación de crise progresiva, propiciada en gran medida polo establecemento nas proximidades dun centro comercial competidor, cuxa construción e apertura foi concedida polo Concello en 2008 e aberto ao público en 2012, foise agravando coa constante perda de negocios e o descenso na afluencia de persoas e, a pesar do cambio de rumbo e das iniciativas novidosas dos últimos anos, a situación chegou na actualidade a un límite de estreiteza financeira insalvable, incapaz para asumir os gastos básicos de seguridade, limpeza e enerxía, que superan o medio millón de euros, tal e como teñen



posto de manifesto a xerencia, a comunidade de propietarios e a comunidade de veciños do edificio de Área Central.

Este espazo comercial ten unha especial natureza, ao contar con acceso libre na súa práctica totalidade, tanto na praza interior ao aire libre como na ampla galería comercial cuberta, o que fai que preste un indubidable servizo para o conxunto da cidadanía especialmente no período invernal, de forma que o centro se configura como unha rúa pública máis, coa particularidade de discorrer a cuberto e de que os gastos non repercuten no erario municipal como noutras rúas, senón que proceden das cada paso máis minguadas posibilidades dos comerciantes, na súa inmensa maioría autónomos e pequenos empresarios.

Por este motivo, sendo coñecedores desta situación, a principios do ano actual e durante o procedemento de elaboración dos orzamentos municipais de 2020, o Grupo Municipal Popular propúxolle ao Goberno, dentro das propostas para o apoio ao comercio local e o emprendemento, a “articulación dun convenio con Área Central, para contribuír a sufragar os gastos que ocasiona a galería comercial que circunda a súa superficie, tendo en conta o servizo público que lle presta ao conxunto da cidadanía.” Unha proposta que finalmente non chegou a ser incluída no orzamento vixente.

Recentemente, o Goberno local tendo en conta ese especial carácter e ante o incremento das dificultades mostradas por este colectivo -que nos últimos tempos chegou a prescindir do 75% dos servizos de seguridade e dun 50% dos servizos de limpeza-, iniciou unha colaboración para contribuír a prestar os gastos básicos nas zonas comúns e de acceso público, con presenza policial e asumindo ata un 50% dos servizos de limpeza. Unha axuda que era moi estimada polos residentes e comerciantes, pero que o Concello suprimiu hai escasos días, ao parecer por razóns administrativas e xurídicas que impedían manter esta colaboración.

Ese cesamento na colaboración da administración local ten provocado un chamamento dramático dos afectados advertindo que a súa incapacidade para financiar estes servizos tería consecuencias a curto prazo, impedindo manter a limpeza diaria e a seguridade nese ámbito e, a medio e longo prazo, iso ocasionaría a perda de valor de todo tipo de propiedades existentes e un problema sanitario, de seguridade pública e de calidade de vida de primeira magnitude, que afectaría tamén aos propios residentes.

Por iso, á vista desta situación, e tendo en conta as numerosas posibilidades de colaboración que se poden articular desde a esfera municipal, o Grupo Municipal Popular presenta, para a súa consideración por parte do conxunto da Corporación, a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao corresponde órgano municipal a poñer en marcha canto antes, e previos os ditames administrativos e xurídicos que fosen precisos, unha fórmula de colaboración co colectivo de comerciantes de Área Central que permita contribuír a que estas instalacións, cun marcado interese público, poidan manter uns servizos básicos mínimos para desenvolver coas debidas garantías de limpeza e seguridade as súas funcións, en beneficio tamén de todas as persoas residentes e de gran parte da cidadanía de Santiago.

Se por causa das determinacións dos mencionados ditames, non se puidera adoptar ningún tipo de colaboración, o Goberno local deberá facer público o seu contido para coñecemento das persoas interesadas e da veciñanza en xeral.”

A anterior proposición presentou emenda de substitución ao texto do acordo, o grupo municipal de Compostela Aberta, co seguinte contido:

“O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano municipal a iniciar canto antes, e previos os ditames administrativos e xurídicos que fose precisos, un plan de colaboración entre o colectivo de comerciantes de Área Central e o Concello de Santiago, que permitan manter os empregos actuais do centro comercial e contribuír a que estas instalacións, cun marcado interese público, poidan contribuír a desenvolvemento social, cultural e comercial do barrio das Fontiñas e en beneficio tamén de todas as persoas alí residentes e de gran parte da cidadanía de Santiago.

Esta colaboración deberá transparentar a situación actual do centro e garantir a participación de todo o colectivo de comerciantes. Tendo como obxectivo a concreción dun **CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ÁREA CENTRAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PROMOCIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E DINAMIZACIÓN SOCIAL, ECONÓMICA, COMERCIAL E CULTURAL DO BARRIO DAS FONTIÑAS**, que conte coa correspondente dotación económica incorporada aos orzamentos municipais, e que permita garantir a viabilidade dos empregos -tanto do servizos da propia Área Central como dos seus comercios- e fomento do espazo como un lugar común do barrio.

O goberno local deberá facer público o contido do convenio para coñecemento das persoas interesadas e da veciñanza en xeral.”

Despois de ser aceptada a emenda do grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 3 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a iniciar canto antes, e previos os ditames administrativos e xurídicos que fose precisos, un plan de colaboración entre o



colectivo de comerciantes de Área Central e o Concello de Santiago, que permitan manter os empregos actuais do centro comercial e contribuír a que estas instalacións, cun marcado interese público, poidan contribuír ao desenvolvemento social, cultural e comercial do barrio das Fontiñas e en beneficio tamén de todas as persoas alí residentes e de gran parte da cidadanía de Santiago.

Esta colaboración deberá transparentar a situación actual do centro e garantir a participación de todo o colectivo de comerciantes, así como procurar a viabilidade dos empregos -tanto do servizos da propia Área Central como dos seus comercios- e fomento do espazo como un lugar común do barrio.

Se por causa das determinacións dos mencionados ditames, non se puidera adoptar ningún tipo de colaboración, o Goberno local deberá facer público o seu contido para coñecemento das persoas interesadas e da veciñanza en xeral.

Ás 20:00 horas faise un receso e reanúdase a sesión ás 20:20 horas.

15. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA FACILITAR A REORGANIZACIÓN DA XESTIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES PARA A PREVENCIÓN DA COVID-19.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 20 de xullo do corrente ano e número de rexistro 205, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a facilitar a reorganización da xestión dos comedores escolares para a prevención da covid-19 durante o próximo curso 2020-2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A competencia dos comedores escolares é e debe ser da Xunta. Porén, mentres esta se nega a asumila, desde o BNG defendemos a implicación do Concello para garantir un servizo básico en materia de conciliación e de adquisición de hábitos de saúde e socialización. Nos centros escolares de Santiago hai comedores xestionados polo Concello como o CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP das Fontiñas, CEIP de Roxos, CEIP de Vite, CEIP Monte dos Postes, CEIP Raíña Fabiola, CEIP Ramón Cabanillas e CEIP Arquitecto Casas Novoa, mentres que as ANPA encárganse de xestionar o do CEIP López Ferreiro e o do CEIP Pío XII.

O BNG, xunto coa FANPA, defende a necesidade de garantir este dereito a todas as familias que o solicitaren ou, se isto non for posíbel, á súa inmensa maioría, para o que

se fai imprescindible a ampliación de persoal e da superficie das zonas habilitadas para dar o servizo de xantar durante o vindeiro curso escolar polas medidas de prevención da covid-19.

No pasado curso escolar, había 933 nenos e nenas usuarias do servizo de comedor por parte do Concello de Santiago, pese a que eran 1.702 nenos e nenas as inscritas para optar a este servizo, ademais das que dispuñan de xantar con este recurso ofrecido por parte da organización das ANPA no CEIP López Ferreiro e no CEIP Pío XII. Trátase dun servizo público que, ademais de fornecer de bos hábitos alimenticios, facilita a conciliación laboral e familiar.

Debido ás instrucións oficiais para a prevención de contaxios da covid-19, pode producirse unha diminución das prazas que se ofertan, algo que debemos evitar, sobre todo nestes tempos de crise económica e precariedade laboral. Por iso, o Concello de Santiago de Compostela debe establecer unha negociación coa dirección dos centros escolares para que faciliten novos espazos onde instalar mesas, cadeiras e puntos de apoio a este servizo, ademais de contribuír ao reforzo no número de persoas monitoras para faceren diferentes labores de apoio ou mesmo, se non existe outra solución, realizar quendas que poidan servir para atender un grupo de crianzas con actividades mentres outro grupo come.

Só con este apoio se pode seguir a organizar este servizo de comedor cos protocolos de seguranza e hixiene, para cumprir as medidas de distancia recomendadas para o vindeiro curso escolar.

Desde o BNG, en consonancia con peticións da comunidade educativa, apostamos por garantir que o maior número posíbel de nenos e nenas teñan dereito a praza no comedor escolar, sen ter que discriminar en función de baremos por escaseza de recursos ou de necesidades de conciliación, na perspectiva de conseguir chegar á universalidade deste servizo. Por iso considera necesaria a dotación de novos espazos, a reorganización por quendas, se for preciso, e a dotación de máis persoas monitoras de apoio.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará as xestións necesarias coa dirección dos centros escolares para que se habiliten novos espazos para o servizo de comedor escolar e actividades complementarias, derivadas das necesidades de prevención da covid-19, co obxectivo de que se manteña, como mínimo, o mesmo número de nenos e nenas usuarias que no curso anterior, ademais de velar para que non supoña un incremento no custe para as familias usuarias.”

Á anterior proposición presenta emenda transaccional in voce ao texto de acordo o grupo municipal de Compostela Aberta, co seguinte contido:

“O Concello de Santiago realizará un estudio para valorar os custes derivados de todas as medidas sanitarias necesarias para habilitar os espazos mencionados no punto anterior, e tamén relativas á dotación de EPIs ou outras posibles accións necesarias como aumento persoal, limpeza e desinfección.

Instar á Xunta de Galicia a que, en virtude das súas competencias, e para asegurar este normal funcionamento dos comedores escolares en condicións saudables habilite unha achega extraordinaria ao Concello de Santiago, co obxectivo de que o aumento do custe deste servizo no repercuta negativamente nen nas familias nen nas arcas municipais.”

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Quiroga Limia, pide que conste na acta a queixa do seu grupo pola votación da proposición coa emenda transaccional.

Rematado o debate, e despois de ser aceptada polo grupo propoñente a emenda de engádegas transcrita, o Pleno da Corporación por 5 votos a favor, correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (3 CA e 2 BNG), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que non resulta aprobada a proposición transcrita.

16. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA CREAR UNHA COMISIÓN ENCARGADA DE DETERMINAR A FORMA MÁIS SOSTIBLE E EFICIENTE DE XESTIONAR OS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

O texto da proposición presentada con data 20 de xullo do corrente ano e número de rexistro, 206, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo instar á creación dunha comisión de Pleno para determinar cal é a forma máis sostible e eficiente para xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o ano 1971 o Concello de Santiago xestiona de xeito indirecto o servizo de abastecemento e saneamento de auga, sempre coa mesma empresa aínda que esta fora

mutando de nome neste case medio século. O resultado desta xestión indirecta dun servizo que é esencial semella, cando menos, cuestionable.

Xa na primeira parte deste contrato, no período 1971-1998, o propio Concello de Santiago -tamén cunha alcaldía do PSOE- cuantificou en máis de 53 millóns de euros os investimentos precisos para solucionar as deficiencias da rede, e ese necesario investimento serviu de xustificación para prorrogar o contrato coa empresa concesionaria ata os nosos días. Pasados outros vinte anos, o déficit de investimentos semella que non só se mantén senón que se agravou, segundo sostén o actual grupo de Goberno. O propio alcalde ten declarado que *“en materia de auga e saneamento, o Concello de Santiago vai ter que poñer sobre a mesa entre 120 e 140 millóns de euros nos próximos seis ou sete anos”*. Á vista destes resultados, ou ben a xestión indirecta non foi a máis acaída, ou ben o Concello de Santiago non tivo capacidade ou vontade de exercer o necesario control sobre este contrato.

Diante desta situación, e tendo en conta que se trata dun servizo de titularidade municipal que o actual Goberno pretende concesionar por un mínimo de 25 anos, condicionando polo tanto a acción de goberno dos catro próximos mandatos, o grupo municipal de Compostela Aberta considera que está máis que xustificado que o conxunto da corporación municipal traballe no estudo para determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais. Ese traballo de análise debe desenvolverse fuxindo de apriorismo ideolóxicos de todo tipo, mais tamén deixando atrás os intereses particulares ou empresariais para que a decisión sobre o modelo de xestión do ciclo da auga se basee nas necesidades deste servizo concreto, e se adopte tendo en conta parámetros de eficiencia, eficacia, calidade e excelencia. O máis importante é que se ofrezca un mellor servizo, nas mellores condicións, cos mellores niveis de investimento e cos mellores niveis de innovación, para que deste xeito non se reproduzan os erros cometidos nestes últimos 50 anos.

No noso país existen exemplos exitosos doutros modelos para a xestión da auga como o da empresa pública EMALCSA na Coruña, impulsada por unha alcaldía do PSOE pero que se mantivo con gobernos de todas as cores políticas. Non semella irracional querer estudar este caso de éxito tan próximo, como recentemente anunciou que vai facer o goberno local de Ames, tamén do PSOE; ou o caso do veciño concello de Teo. Tampouco semella irracional estudar o camiño aberto por outras cidades do Estado -como Valladolid, Badalona ou Terrasa- ou europeas -como Berlín, París ou Turín- nas que este servizo foi recuperado para a xestión directa polos concellos. En moitos casos con alcaldías do PSOE, ou da súa familia política en Europa, e noutras co partido socialista facendo parte dos gobernos municipais.

O actual grupo de goberno ten reiterado a súa pretensión de consensuar o modelo de xestión da auga co conxunto dos grupos da Corporación municipal, aínda que ao tempo

tamén mostrou a súa vontade de manter o actual sistema, que nos levou a este enorme déficit de investimento na rede. Recollendo esta vontade de chegar a acordos entre todas as forzas que representan á cidadanía de Santiago, e máis cando o actual goberno non conta coa maioría na Corporación, Compostela Aberta propón crear unha nova comisión encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais. Unha comisión na que participen representantes do Goberno e do resto de grupos municipais, a intervención municipal, a secretaría do Concello, as direccións de área e da asesoría xurídica, así como as xefaturas dos servizos de Contratación, Persoal, Saneamento e a Oficina Orzamentaria. Unha comisión o suficientemente plural e transversal que poida determinar cal é a decisión máis acaída para a xestión dun servizo tan esencial e para as próximas décadas. Unha comisión que poida facer públicos e transparentar os seus traballos para socializalos coa cidadanía compostelá.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar á presidencia da corporación a crear unha comisión de estudo encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais, con representación proporcional de todos os grupos municipais e dos servizos municipais necesarios.
2. Que unha vez creada a devandita Comisión se impulse un Foro para socializar os traballos feitos e abrir un debate público coa participación da veciñanza e do tecido asociativo de Santiago para facelos partícipes dunha decisión de tanta transcendencia como a relativa á xestión dun ben de primeira necesidade como é a auga.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 3 CA e 2 BNG), e 10 abstencións, correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar á presidencia da corporación a crear unha comisión de estudo encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais, con representación proporcional de todos os grupos municipais e dos servizos municipais necesarios.
2. Que unha vez creada a devandita Comisión se impulse un Foro para socializar os traballos feitos e abrir un debate público coa participación da veciñanza e do tecido



asociativo de Santiago para facelos partícipes dunha decisión de tanta transcendencia como a relativa á xestión dun ben de primeira necesidade como é a auga.

17. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2019.

Dáse conta do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2019.

18. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 18 de maio ao 3 de xullo de 2020 (núms. 3355 a 4620).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 38 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 27/05/20.
- Acta núm. 39 correspondente á sesión ordinaria do día 01/06/20.
- Acta núm. 40 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 03/06/20.
- Acta núm. 41 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 05/06/20.
- Acta núm. 42 correspondente á sesión ordinaria do día 08/06/20.
- Acta núm. 43 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 12/06/20.
- Acta núm. 44 correspondente á sesión ordinaria do día 15/06/20.
- Acta núm. 45 correspondente á sesión ordinaria do día 22/06/20.
- Acta núm. 46 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 25/06/20.
- Acta núm. 47 correspondente á sesión ordinaria do día 29/06/20.
- Acta núm. 48 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 29/06/20.
- Acta núm. 49 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 1/07/20.
- Acta núm. 50 correspondente á sesión ordinaria do día 6/07/20.

19. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, de data 20 de xullo de 2020, núm. 208.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 213.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 214.
- Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 215.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 230.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 231.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 232.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 216.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 217.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 218.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xullo de 2020, núm. 226.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xullo de 2020, núm. 233.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xullo de 2020, núm. 234.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 219.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 220.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 221.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 222.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 223.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xullo de 2020, núm. 224.

A pregunta formulada polo BNG para resposta oral, presentada o día 21 de xullo do corrente ano, núm. 218, foi retirada polo BNG.

20. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 20 de xullo de 2020, núm. 207, presentada polo grupo municipal de CA, para instar á Xunta de Galicia a revisar e mellorar as políticas públicas de aplicación da Lei de dependencia.
2. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 209, presentada polo grupo municipal do BNG, para concluír as obras do proxecto de San Caetano entre a Praza da Paz e os Basquiños.
3. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 210, presentada polo grupo municipal do BNG, para rexeitar a Lei Montoro e a posíbel incautación dos remanentes dos concellos por parte do goberno do estado.
4. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 211, presentada polo grupo municipal do BNG, para darlle continuidade ás obras de reurbanización de Castrón Douro até a rúa do Sar.
5. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2020, núm. 212, presentada polo grupo municipal do BNG, para a redución e prevención de incendios forestais en Santiago de Compostela.
6. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 225, presentada polo grupo municipal de CA, para instar a Xunta a revisar e mellorar os protocolos de atención das familias despois do falecemento en accidente dalgún dos seus membros.
7. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 227, presentada polo grupo municipal do PP, para a recuperación das vellas estacións ferroviarias da Sionlla, Verdía e as Pontes de Busto, na futura vía verde Santiago-Cerceda.

8. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 228, presentada polo grupo municipal do PP, para a regularización e potenciación da banda de música municipal.
9. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2020, núm. 229, presentada polo grupo municipal do PP, para instar ao goberno de España a non apropiarse dos recursos da entidades locais.

As mocións presentadas polo grupo municipal de CA cos núms. 207 e 225, foron substituídas por mocións conxuntas de todos os grupos políticos municipais.

Os textos das mocións presentadas teñen o seguinte contido:

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REVISAR E MELLORAR AS POLÍTICAS PÚBLICAS DE APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA

Recentemente, o caso dunha familia de Ames transparentou o grave problema que padecen as familias con fillos ou fillas en situación de dependencia no relativo ás valoracións da incapacidade por parte da administración pública. O acontecido mostrou como ás graves consecuencias familiares derivadas da enfermidade se lle suman as trabas dunha administración galega que semella insensible diante destas circunstancias de vulnerabilidade.

As persoas en situación de dependencia e as súas familias teñen unha enorme forza, vontade e capacidade de superación que debe ser acompañada pola Xunta de Galicia, posto que é quen ostenta as competencias plenas en políticas sociais. A administración pública téna obriga de coidar da cidadanía, e con especial énfase daquelas persoas que teñen máis necesidades e que, polo tanto, son máis vulnerables. É un dereito cidadán e unha esixencia ética que a Xunta sexa unha axuda para as persoas en situación de dependencia e para as súas familias, e non un problema a maiores.

O caso da familia de Ames que transcendeu nas últimas semanas á opinión pública pode ser sintomático de que algo non está a funcionar no noso sistema de coidados. Trátase dun neno que, xunto co seu irmán xémeo, naceu de maneira prematura e ao que, con sete meses, lle foi diagnosticada unha parálise cerebral infantil secundaria cun cadro clínico de diparesía espástica. O cativo, de oito anos e escolarizado no CEIP Quiroga Palacios de Conxo, sofre dificultades psicomotrices en ambas pernas e psicomotricidade fina en ambas mans. Para que poida desenvolver o seu día a día, ademais do esforzo e sacrificio da súa familia, esta crianza conta con atención médica na unidade de atención temperá do CHUS e cun coidador que o axuda na escola. Á familia tamén se lle aplican determinadas rebaixas impositivas. Todo isto porque a valoración da súa discapacidade alcanzaba o 34%.

Nunha recente revisión da valoración, a Consellaría de Políticas Sociais pretendeu rebaixar o grao de discapacidade do neno ao 15%, evidentemente sen que a súa enfermidade ou incapacidade teña desaparecido nin remitido. Esta inaceptable mudanza de criterio supón que a crianza podería perder o coidador que a acompaña ao colexio, e que a súa familia podería deixar de percibir axudas e bonificacións fiscais que lle permiten acceder a servizos de fisioterapia ou logopedia. E todo, coa agravante de que o cambio de criterio se produce cando ao cativo se lle detectou un TDHI.

O caso deste neno de Ames non é illado e, tal e como denunciou a súa familia, existe un patrón común e unha modificación de criterios para a aplicación da Lei de Dependencia que lle afectou recentemente a varias persoas. Deste xeito, o problema transcende a dimensión individual ou familiar e estariamos diante de novos recortes en políticas sociais, encubertos e camuflados detrás de supostas valoracións técnicas. Trataríase dunha nova tentativa de baleirar de contidos os dereitos recoñecidos desde a aprobación da Lei de Dependencia, a través das trabas que a administración galega coloca para a súa aplicación efectiva.

A familia de Ames mobilizouse para denunciar a través dos medios de comunicación a situación de inxustiza que lle afectaba, así como o problema global ao que se están enfrontando outras persoas dependentes. Ás poucas horas, a Xunta de Galicia notificou a eses mesmos medios de comunicación, antes que aos propios afectados, unha nova modificación do criterio para recoñecerlle ao neno un grao de discapacidade do 43%. Resulta lamentable que sexa preciso realizar unha denuncia pública para obter resposta da administración diante da reclamación dos dereitos para garantir a autonomía persoal e a atención e protección das persoas en situación de dependencia.

Os dereitos son conquistas sociais que se deben cumprir sen arbitrariedades e non se poden entender como beneficencia ou concesións que haxa que mendigar. A dependencia é un dereito que non pode depender de incompresibles mudanzas de criterio por parte da administración pública. É a dignidade das familias e das persoas o que está en xogo. Ademais, o non cumprimento destes dereitos agrava unha situación de desigualdade de xénero posto que son as mulleres, na práctica totalidade dos casos, as que asumen as tarefas relativas aos coidados. Cando a administración pública non se corresponsabiliza son as familias as que teñen que asumilos, fundamentalmente as mulleres, nais, irmás e fillas que, finalmente, exercen de coidadoras.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia e a Goberno do Estado a incrementar de modo coordinado, proporcional e equitativo, os fondos destinados á aplicación da Lei de Dependencia.

2. Instar á Xunta de Galicia a facilitar a revisión dos casos concretos das familias que teñan denunciado a modificación de criterios das equipas de valoración dos servizos da Consellería de Políticas Sociais; implementar medidas máis eficaces segundo o tipo de diversidade particular de cada persoa; aplicar programa o Servizo de Axuda a Dependencia (SAD), continuando co reforzo dos equipos de valoración do grao de dependencia e coa axilización dos pagos no tempo máis breve posible; e seguir a intensificar a implicación, colaboración e a participación das administracións locais na aplicación de todos os puntos anteriores.

MOCIÓN PARA CONCLUÍR AS OBRAS DO PROXECTO DE SAN CAETANO ENTRE A PRAZA DA PAZ E OS BASQUIÑOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a concluír a terceira fase das obras do proxecto entre a praza da Paz e San Roque, na zona pendente da Pastoriza até Os Basquiños.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago ten pendente de realizar a conclusión da terceira fase das obras de San Caetano entre a praza da Paz e a rúa Pastoriza, até o inicio dos Basquiños para completar o itinerario até San Roque. Este proxecto vai destinado a conseguir unha contorna humanizada, con incremento da seguranza viaria e peonil, ademais da mellora estética e urbana para esta arteria usada para o acceso e saída do centro da cidade.

Este proxecto, que se enmarcaba no programa Urbana Santiago Norte, programouse en diversas fases que tiveron numerosos atrancos tanto no cronograma previsto como na propia execución das obras. En 2013 anunciouse a realización dos estudos do estado dos servizos básicos, os proxectos e informes de topografía e patrimonio necesarios para esta intervención urbanística.

Con estas obras estaba previsto ampliar as beirarrúas, resolver os desniveis existentes na rúa e crear unha zona de estar no espazo máis próximo a San Caetano, co obxectivo de darlle prioridade ao uso peonil coa creación de beiravías e a renovación das redes de augas pluviais, de saneamento e de gas. Cómpre lembrar que esta era unha das zonas que requiría a renovación da rede de saneamento.

En 2015 a veciñanza alertou do cambio da pedra das históricas escaleiras da capela da Pastoriza, que foi substituída por outra nova, pese ao seu valor patrimonial. En concreto, mudouse a pedra do podio que dá acceso á igrexa erixida nos anos 1761-62 con fachada



de historicismo clasicista e que foi remodelada no segundo cuarto do século XIX. Por planos antigos sábese que no lugar houbo con anterioridade unha ermida.

En 2016 o Concello tivo que ocuparse da reparación das arquetas que quedaron mal instaladas nos Basquiños durante as obras de reurbanización da rúa efectuadas entre 2014 e 2015. Logo das queixas da veciñanza polo ruído que producían as arquetas ao paso dos vehículos, a empresa adxudicataria das obras tivo que proceder a reparar o problema que se detectou cando aínda estaba en garantía.

En 2018 as obras sufriron unha importante demora e, durante meses, no cruce da subida da Pastoriza quedaron zonas con cemento á vista sobre a pedra, tapas de saneamento mal asentadas, fochancas e lousas arrincadas. Mesmo deixaron as casetas de obra ocupando boa parte de espazo público de tránsito peonil. Isto provocou de novo malestar entre a veciñanza e centos de persoas que acoden a diario por esta área, tanto a pé como en coche, debido á proximidade cos edificios administrativos da Xunta. Nesta zona quedaron espazos con desniveis que cando chove quedan encharcados e provocan numerosas caídas de persoas ao non apreciarse a simple vista a elevación da superficie.

Para o BNG, é necesario completar estas obras de reurbanización entre a praza da Paz e Os Basquiños para rematar este proxecto e que permita gañar calidade urbana, que tamén se mide polo resultado das intervencións e o seu tempo de execución que, neste caso, sufriu importantes interrupcións que provocaron molestias innecesarias á veciñanza e mesmo poden encarecer o orzamento inicial previsto en 1,5 millóns de euros para todas as fases.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará as xestións necesarias e incluírá nos Orzamentos de 2021 a consignación para as obras do proxecto de reurbanización da praza da Paz a San Roque, no final da fase entre a praza da Paz e Os Basquiños.

MOCIÓN PARA REXEITAR A LEI MONTORO E A POSÍBEL INCAUTACIÓN DOS REMANENTES DOS CONCELLOS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de derogar a denominada “Lei Montoro” e o posíbel acordo entre o Goberno do Estado e a FEMP para a incautación de remanentes de tesouraría dos concellos co obxectivo de



poder usar eses fondos económicos propios para necesidades urxentes da veciñanza de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Distintos medios de comunicación fixéronse eco dun borrador de documento da Federación Española de Municipios e Provincias que inclúe a incautación de remanentes dos concellos por parte do Goberno do Estado co obxectivo de mobilizar un fondo de 5.000 millóns de euros para actuacións no ámbito da Axenda Urbana Española e Mobilidade Sustentábel, Coidados de Proximidade e Cultura.

A Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coñecida como “Lei Montoro”, impide que os concellos poidan gastar os seus remanentes, o diñeiro que non se investiu no propio ano, en novos investimentos.

Tras a crise da covid, o Estado, en vez de facer unha excepción e facilitar que eses remanentes poidan utilizarse para combater a crise económica derivada desta situación especial, decide facerse cos fondos dos remanentes de todos os concellos, entre eles os galegos que están discriminados e infradotados economicamente, para devolvelos en forma de préstamos.

A obrigatoriedade de facer achegas con carácter de préstamo ao Estado non pode revestirse de voluntariedade porque o marco normativo actual impide outro uso para eses fondos agás destinalos a amortizar débeda bancaria. A devolución prevista con esta primeira proposta de acordo dun 35% dos fondos incautados ao longo de dous anos vai estar tamén condicionada a determinados usos marcados pola Administración central, que continúa a considerar os concellos non como entidades autónomas, maduras e coñecedoras das necesidades da súa veciñanza.

O resto dos fondos absorbidos pola Administración xeral do Estado que en realidade pertencen a veciñas e veciños serían neste borrador devoltos polo Estado nun prazo de 10 anos a partir de 2022. Isto é, en período de crise, a veciñanza do concello de Santiago non vai poder contar con recursos económicos que nestes momentos están nas arcas municipais o que vai supor un recorte nas prestacións e investimentos na localidade.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO



1. O Concello de Santiago de Compostela demandará do Goberno do Estado a derogación da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coñecida como “Lei Montoro”.
2. O Concello de Santiago de Compostela traslada o seu rexeitamento a calquera posíbel acordo da Federación Española de Municipios e Provincias e do Goberno do Estado para a incautación dos remanentes de tesouraría, co fin de poder dispoñer deses fondos económicos municipais para atender necesidades urxentes da veciñanza de Santiago de xeito directo.
3. O Concello de Santiago de Compostela solicita que exista unha interlocución directa co Goberno central por parte da FEGAMP, como representante dos intereses dos concellos galegos.

MOCIÓN PARA DARLLE CONTINUIDADE ÁS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DE CASTRÓN DOURO ATÉ A RÚA DE SAR

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para darlle continuidade ás obras de reurbanización de Castrón Douro até a Calzada de Sar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras de Castrón Douro e Patio de Madres contribuíron a eliminar os desniveis entre a vía e as beirarrúas ademais de unificar as superficies, co que se mellorou a accesibilidade, a luminosidade das vivendas e a calidade urbana para as persoas residentes nesta zona do barrio. Contaron cun orzamento inicial de licitación de 1.556.454 euros incluídos na EDUSI para o seu financiamento con Fondos FEDER no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible.

Esta actuación completouse coa substitución do pavimento da calzada por formigón ligado con pezas de granito ás beirarrúas, con pasos de peóns elevados e espazo para a instalación de colectores soterrados. Deste xeito, equilibráronse os espazos destinados a tránsito peonil e tráfico rodado, suprimíronse barreiras arquitectónicas, complementáronse as instalacións de servizos básicos e xeráronse espazos de descanso para uso público.

Porén, toda vez que concluíu esa fase das obras, cómpre darlle continuidade cara a rúa de Sar para unificar o tratamento da reurbanización, co obxectivo de mellorar a superficie destinada tanto para tráfico rodado como peonil, que se encontran nunha situación con moito deterioro e presentan problemas de seguranza viaria.



Esta segunda fase da intervención que comprende desde Castrón Douro no cruce con Curros Enríquez até a Calzada de Sar estaba prevista xa na programación para efectuar con fondos propios, como consta na documentación da EDUSI, co obxectivo de identificar o conxunto como remate da Ruta da Prata. A intervención dividiuse en dúas fases ou tramos por cuestións de escala e coordinación da mobilidade ao se tratar dunha vía estruturante do tráfico rodado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará as xestións necesarias e incluírá nos Orzamentos de 2021 a consignación para executar as obras de reurbanización da rúa de Sar, até a Ponte do Sar, co fin de lle dar continuidade á actuación realizada en Patio de Madres e Castrón Douro.

MOCIÓN PARA A REDUCCIÓN E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para adoptar medidas encamiñadas á redución e prevención de incendios forestais en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela foi referente en políticas ambientais e un dos principais problemas que sofre na actualidade, ademais da falta de depuración de residuos e emisión de gases industriais, é a continua aparición de incendios forestais principalmente durante o período estival. Estes incendios ocasionan unha perda de produtividade, contaminación e riscos ambientais e sociais para a veciñanza. Parroquias como Figueiras e lugares emblemáticos como o Pedroso sofren incendios con demasiada habitualidade.

Nas últimas semanas rexistrouse, entre outros, un incendio en Vidán, preto do Hospital Clínico e de vivendas. Produciuse o venres 10 de xullo e foi nunha zona próxima a onde xa se queimara 11 días antes. Na súa extinción participaron 4 helicópteros, 2 hidroavións, 7 motobombas, 15 brigadas e 7 axentes forestais. Segundo os datos da Xunta, afectou a 3 hectáreas de monte raso e arborado.

Ademais do bando que emitiu a Alcaldía o pasado domingo 19 de xullo para facer un chamado á responsabilidade da veciñanza que ten propiedades para a prevención de incendios a limpeza de maleza de terreos en solo urbano e núcleo rural, hai tamén



superficies municipais sen rozar, cunetas con maleza, pistas forestais e rotondas polo que cómpre que se adopten as medidas necesarias tamén por parte do Concello de Santiago. Por poñer un exemplo, en Santiago hai puntos como o das inmediacións da gasoleira de Roxos que, aínda sendo privados, supoñen un perigo de alto risco de incendio polo que o Concello debería intervir ante as queixas da veciñanza da contorna. Nesa zona ardeu en 2005 afectando a casas que tiveron que ser evacuadas pola proximidade á gasoleira e a maleza volve presentar alto risco de lume, o que ocasiona preocupación na veciñanza.

Cómpre lembrar que en decembro de 2017 se aprobou no Pleno unha iniciativa do BNG para impulsar unha moratoria na plantación de eucaliptos para frear a súa expansión, así como a necesidade de eliminalos nos núcleos de poboación, rede viaria e canles fluviais, ademais de propor un plan de axudas para plantar frondosas caducifolias e froiteiras.

Ademais, en abril de 2019, Santiago de Compostela non tiña aínda redactado o Plan municipal de prevención de incendios e recibiu unha comunicación da Fiscalía para reclamarlle ese documento.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago adoptará todas as medidas necesarias, tanto no ámbito normativo como no práctico, para a prevención e redución dos incendios forestais que ocasionan unha perda de produtividade, contaminación e riscos ambientais e sociais para a veciñanza.
2. O Concello de Santiago elaborará unha campaña de concienciación sobre os danos que causan e o xeito de previr os incendios forestais.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REVISAR E MELLORAR OS PROTOCOLOS DE ATENCIÓN DAS FAMILIAS DESPOIS DO FALECIMENTO EN ACCIDENTE DALGÚN DOS SEUS MEMBROS.

A primeiros deste mes de xullo todos os grupos municipais do Concello de Santiago recibimos unha desgarradora carta dunha veciña de Compostela na que relata a traumática experiencia da perda do seu fillo hai tres anos en accidente laboral. Se xa de por sí a perda dun fillo é tremendamente dolorosa, no caso deste veciña o trato recibido por ela e a súa familia aprofundou nesta dor e significou un dano aínda máis irreparable.

Tendo que trasladarse de Santiago a Ourense para recoñecer o cadáver, esa noite esta familia compostelá non recibiu a atención adecuada nin por parte do SERGAS nin por parte dos seus profesionais. Impedimentos para poder recoñecer e ver ao seu ser querido, demoras na chegada do forense e falta de atención psicolóxica provocaron que esta familia vise agravado o seu sufrimento, que aínda hoxe está moi presente no seu día a día.

É evidente que a administración pública galega non debe permitir, e moito menos fomentar, este tipo de tratamentos ás familias nuns momentos de tanta dor. Neste caso, o Servizo Galego de Saúde debe ser o encargado de coidar, tamén, daqueles que acaban de sufrir unha perda que nunca poderá ser reparada.

Neste sentido, os protocolos de atención aos familiares deben colocar no centro ás persoas e acompañalas na súa dor, sobre todo facilitando o trato neses momentos tan duros e dolorosos. Estes protocolos, como mínimo, deben recoller a necesaria atención psicolóxica ás persoas afectadas, a transparencia e información á familia en todo momento, así como a posibilidade de habilitar un espazo de reencontro, recoñecemento e despedida do seu ser querido. Sempre colocando as necesidades da familia como prioridade.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago presentan á consideración do Pleno o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento, en accidente, dalgún dos seus membros.
2. Dar conta a todos os grupos representados no Parlamento de Galicia da adopción deste acordo.

MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DAS VELLAS ESTACIÓNS FERROVIARIAS DA SIONLLA E VERDÍA E AS PONTES DE BUSTO, NA FUTURA VÍA VERDE SANTIAGO-CERCEDA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción dunha “vía verde” para o tránsito peonil e ciclista aproveitando a traza ferroviaria en desuso da antiga liña Santiago-A Coruña é un proxecto longamente esperado e anunciado que cada paso parece máis próximo.



Nunha xuntanza celebrada hai xustamente un ano, a Deputación da Coruña daba a coñecer que o organismo provincial recibira 1,86 millóns de euros de fondos europeos para acometer a “primeira vía verde da provincia da Coruña”, cantidade que sería incrementada con outros 535.129 euros do orzamento provincial que permitirían “facер realidade un proxecto ambicioso e tecnicamente complexo”.

Segundo se ten informado, desde finais do pasado ano 2018 a área técnica da Xerencia de Patrimonio Histórico e Turismo Ferroviario da Fundación dos Ferrocarrís Españois (FFE) ten redactado os dous proxectos construtivos para afrontar a construción dos 36,8 kms comprendidos entre o Concello de Santiago e as proximidades da estación de Cerceda, un deles de 10,18 km., centrado exclusivamente no tramo que discorre integramente polo termo municipal de Santiago.

Nese itinerario entre Santiago e Oroso atópanse dúas estacións que quedaron desafectadas e sen uso, ao tempo que o facía a antiga liña ferroviaria. Unha é a da Sionlla, un gran edificio, de baixo e dous andares, tapiado e sen ningunha actividade desde hai anos; e a outro é a estación de Verdía, de dimensións algo máis reducidas, que durante unha década foi empregada polo Concello en réxime de alugueiro como centro sociocultural da parroquia (chegando a investir 156.000 euros do orzamento municipal para a súa rehabilitación e acondicionamento), ata que un litixio pola contía reclamada polo ADIF obrigou en 2016 ao definitivo abandono das instalacións, permanecendo pechado na actualidade.

Este mesmo ano, en resposta a unha pregunta escrita deste grupo municipal sobre as actuacións e o destino previsto para estas estacións no proxecto da vía verde, o Goberno local recoñecía que “o proxecto elaborado pola Fundación de Ferrocarriles Españois non contempla ningún tipo de actuación nestes edificios”. No entanto, entendemos que, tendo en conta a súa situación de desafeción e a sólida fasquía destes edificios, se debería considerar a petición da súa cesión por parte de ADIF e uso por parte do Concello, de forma semellante ao que acontece noutros lugares de España onde se teñen acondicionado e rehabilitado máis dun centenar destas estacións para destinalas a actividades complementarias coa vía verde: oficinas de información, centro de interpretación, taller de reparación e alugueiro de bicicletas, cantina, restaurante, albergue... ou calquera outro fin que lle puidera achegar servizos básicos no contorno da vía e dos lugares polo que discorre.

Nesta liña, o concello de Oroso -que presentou a vía verde a comezos deste mesmo ano en Fitur- está a negociar co ADIF a cesión de estacións para uso cultural, hostalerio, turístico ou social, dando conta en febreiro de 2020 da inclusión no patrimonio municipal da estación de Trasmonte. Tamén o Concello de Cerceda procedeu hai uns 8 anos a rehabilitación da estación de Queixas-Londoño (un edificio practicamente idéntico ao da Sionlla) que prevé destinalo a albergue e restaurante.



Por outra parte, sobre o trazado da futura vía verde existen dúas pontes na parroquia de Busto, a de Vilariño e a de Castro, necesitadas de senllas actuacións para a mellora da súa seguridade. Segundo a referida resposta escrita dada polo Goberno, no proxecto da vía verde contémpnanse a conservación, mantemento e mellora de todos os elementos existentes no itinerario, entre os que cabe supoñer que se deberían atopar estas dúas pontes. En todo caso, a demora na execución que se está a dar neste proxecto resulta incompatible coa urxencia e necesidade destas actuacións de seguridade, razón pola que o Concello debería adiantar pola súa parte –ou cando menos asegurar e axilizar dentro do proxecto- estas dúas importantes melloras para a accesibilidade e a mobilidade da parroquia.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao corresponde órgano municipal a iniciar as xestións para a cesión dos edificios sen uso das antigas estacións ferroviarias da Sionlla e Verdía, para o seu acondicionamento e posta en valor, e garantir no menor prazo posible a execución das necesarias melloras de seguridade e accesibilidade nas pontes de Vilariño e Castro, ambas na parroquia de Busto e situadas sobre o itinerario da vía verde que discorrerá polo trazado da vía férrea en desuso entre Santiago e Oroso.

MOCIÓN PARA A REGULARIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Banda Municipal de Música do Concello de Santiago está pasando por unha situación precaria desde o pasado mandato, onde o goberno anterior non tivo o máis mínimo interese por esta institución municipal que cumpriu 170 anos durante ese tempo e sen que houbera unha celebración deste evento como era merecido.

Poucas bandas de música profesionais teñen o percorrido da Banda de Santiago, porén, este feito non tivo ningún valor para os responsables do anterior goberno e, polo que se ve, tampouco para os actuais responsables no pazo de Raxoi.



Aquel desleixo doutroa segue presente na concellería de Acción Cultural, sendo preocupante a situación do persoal e a falta de vontade para dotar á Banda do cadro de persoal estable que necesita para un mellor desenvolvemento da súa actividade.

É certo que a contratación de persoal nas administracións públicas está limitada pola Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, pero non é menos certo que, cando o Partido Popular tivo responsabilidades no goberno municipal, se fortaleceu a Banda Municipal declarándoa servizo esencial, xustamente para poder contratar o persoal necesario que lle permitira crecer nos seus cometidos.

Non só iso, o pulo que se lle deu á Banda Municipal durante esa época foi notorio, incrementando os seus orzamentos para poder realizar programas máis completos, participativos e integradores cunha maior presenza na axenda cultural do propio Concello.

Todo isto rematou con Compostela Aberta. Abonda con dicir que desde maio de 2016 a Banda está sen director titular.

Neste ano de goberno do Partido Socialista tampouco observamos maiores cambios, senón todo o contrario, porque a situación da pandemia afectou directamente á Banda, sobre todo aos catro músicos interinos (óboe, trompa, trombón e percusión) e ao proceso de contratación de director.

Con respecto aos músicos interinos porque cesaron no seu contrato, xa que segundo o concello “desapareceu a causa da súa contratación”, o que parece sorprendente que sexa a propia Administración a que permita desprotexer o emprego. Pero o máis lamentable é que se lles pida a eses mesmos músicos que sigan colaborando coa Banda, sen ningún tipo de remuneración, nas interpretacións on line, obviando o seu cesamento.

Con respecto ao proceso de contratación do director, cómpre sinalar que adoece de escasa transparencia e publicidade. O proceso selectivo foi publicado no BOP da Coruña o 27 de febreiro, xa cun prazo de presentación de candidaturas curto, 15 días, e paralizado por mor da COVID-19 e reiniciado sen ningunha publicidade o 1 de xuño por un período de 4 días.

A día de hoxe non está publicado nin o tribunal que xulgará este proceso nin a listaxe de admitidos ou excluídos e tampouco hai expectativas de celebración das probas.

A Banda iniciou o seu traballo presencialmente, pero non ao completo, poñendo como excusa a capacidade da sala Mozart, cando o Concello dispón de espazos que poden garantir as distancias de seguridade para que toda a formación poida ensaiar.



Ante a situación irregular e as disfuncións que se están a dar na Banda Municipal de Santiago, este Grupo Municipal propón a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se recuperen os catro músicos interinos que forman parte da Banda de Música e se considere a inclusión destas vacantes nas próximas Ofertas Públicas de Emprego (OPE) municipais.

2º.- Que se anuncie publicamente o restablecemento do proceso selectivo para a contratación do director da Banda, por un período de 10 días e, a partir do remate do prazo, se axilicen os trámites administrativos do proceso.

3º.- Que se realice un plan de acción para a Banda Municipal de Música.

MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada pola COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo Goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central foi permitir que as entidades locais poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei

Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) -e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou as obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque, ademais, o Goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e dos lexítimos representantes da cidadanía no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas as entidades locais poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas comunidades autónomas e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.
2. Transferir unha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto da COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiados con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitos deles non poidan rematar en 2020.
4. Crear un fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás entidades locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das entidades locais na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un Goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar

“confiscar” o superávit xerado en 2019 polas entidades locais, así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O Goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais lle presten "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente se lles permita gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo Goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagamentos, o que supón que as entidades locais non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a súa asfixia financeira.

Ademais, na proposta que coñecemos, inclúense varias das medidas solicitadas polas entidades locais nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente se acepta prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao Goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Popular insta o Pleno Municipal, a adoptar o seguinte:

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela manifesta:

1. O compromiso deste Concello coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o Goberno central.
2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das entidades locais ao Estado para devolver a longo prazo.

E insta ao Goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis lle outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público, que é de todos e cada un dos españois, non dun Goberno en concreto.

4. Atender as demandas das entidades locais, especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos da COVID-19.

5. Que si pretende modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide as ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das entidades locais e da cidadanía española.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Deste acordo darase traslado ao presidente do Goberno, á ministra de Facenda, á ministra de Política Territorial e Función Pública, aos portavoces de grupos políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

Figuran no expediente as emendas presentadas a algunhas das mocións, aparecendo recollidas nos textos dos acordos, as que foron aceptadas

A moción conxunta dos catro grupos políticos municipais que substitúe á presentada por CA, para instar a Xunta a revisar e mellorar os protocolos de atención das familias despois do falecemento en accidente dalgún dos seus membros, pasa a debatirse e votarse en cuarto lugar.

Comezase coa votación das mocións pola orde na que foron tratadas.

En relación á moción conxunta dos catro grupos políticos municipais que substitúe a presentada por CA, para instar á Xunta de Galicia a revisar e mellorar as políticas públicas, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia e a Goberno do Estado a incrementar de modo coordinado, proporcional e equitativo, os fondos destinados á aplicación da Lei de Dependencia.

2. Instar á Xunta de Galicia a facilitar a revisión dos casos concretos das familias que teñan denunciado a modificación de criterios das equipas de valoración dos servizos da Consellería de Políticas Sociais; implementar medidas máis eficaces segundo o tipo de diversidade particular de cada persoa; aplicar programa o Servizo de Axuda a Dependencia (SAD), continuando co reforzo dos equipos de valoración do grao de dependencia e coa axilización dos pagos no tempo máis breve posible; e seguir a intensificar a implicación, colaboración e a participación das administracións locais na aplicación de todos os puntos anteriores.

A moción presentada polo BNG con data 21 de xullo de 2020, núm. 209, para concluír as obras do proxecto de San Caetano entre a Praza da Paz e os Basquiños, e ao non aceptarse as emendas presentadas, o Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (3 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda realizar as xestións necesarias e incluír nos orzamentos de 2021 a consignación para as obras do proxecto de reurbanización da praza da Paz a San Roque, no final da fase entre a praza da Paz e Os Basquiños.

Con respecto á moción presentada polo BNG con data 21 de xullo de 2020, núm. 210, para rexeitar a Lei Montoro e a posible incautación dos remanentes dos concellos por parte do goberno do estado e despois de ser aceptada a emenda presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 3 CA e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do Partido Popular acorda:

1. Reclamar o Goberno do Estado que permita aos concellos o uso da totalidade do seu superávit do 2019, os seus remanentes de tesourería, e utilizar a súa capacidade de endebedamento segundo a súa capacidade económica, garantindo a solvencia financeira dos mesmos; así como a derogación urxente dos artigos que afecten a autonomía local da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Que o goberno municipal informe do marco financeiro resultante do presuposto do ano 2020 e seguintes do Concello de Santiago, tendo en conta o principio de acordo ao que chegaron o Goberno de España e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) sobre os usos do remanente de tesourería.

3. Solicitar que exista unha interlocución directa co Goberno central por parte da FEGAMP como representante dos intereses dos concellos galegos.

A continuación e despois de alterar o orde no debate e votación das mocións, trátase a moción conxunta dos grupos políticos municipais que substitúe a presentada por CA o día 22 de xullo de 2020, núm. 225, relativa a instar á Xunta de Galicia a revisar os protocolos de atención das familias despois do falecemento en accidente dalgún dos seus membros, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento, en accidente, dalgún dos seus membros.
2. Dar conta a todos os grupos representados no Parlamento de Galicia da adopción deste acordo.

No tocante á moción presentada polo BNG con data 21 de xullo de 2020, núm. 211, en relación ás obras de reurbanización do Castrón Douro até a rúa de Sar, a que presentaron emendas o grupo municipal do Partido Popular e o propio BNG, non sendo aceptada a do PP e despois de ser aceptada a do BNG, por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (3 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), o Pleno da Corporación acorda realizar as xestións necesarias e incluír nos orzamentos de 2021 a consignación para executar as obras de reurbanización da rúa de Sar até a Calzada do Sar, co fin de lle dar continuidade á actualización realizada en Patio de Madres e Castrón Douro.

A moción presentada polo BNG con data 21 de xullo de 2020, núm. 212, para a redución e prevención de incendios forestais, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 3 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación acorda:

1. Que o concello adopte todas as medidas necesarias, tanto no ámbito normativo como no práctico, para a prevención e redución dos incendios forestais que ocasionan unha perda de produtividade, contaminación e riscos ambientais e sociais para a veciñanza.
2. Que o concello elabore unha campaña de concienciación sobre os danos que causan e o xeito de previr os incendios forestais.

A continuación é tratada a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular presentada o día 22 de xullo de 2020, núm. 227, para a recuperación das vellas estacións ferroviarias, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, por unanimidade o Pleno da Corporación acorda:

1. Instar ao corresponde órgano municipal a iniciar as xestións para a cesión dos edificios sen uso das antigas estacións ferroviarias da Sionlla e Verdía, para o seu acondicionamento e posta en valor, e garantir no menor prazo posible a execución das necesarias melloras de seguridade e accesibilidade nas pontes de Vilariño e Castro, ambas na parroquia de Busto e situadas sobre o itinerario da vía verde que discurrirá polo trazado da vía férrea en desuso entre Santiago e Oroso.

2. Instar á Dirección do ADIF para que, con criterio xeral en toda España, se estableza un mecanismo de cesión (ou outra forma que legalmente se considere a máis adecuada) dos elementos patrimoniais ferroviarios singulares (vellas estacións, antigas pontes, ou outros elementos patrimoniais) que deixaron de estar en servizo e que carecen dun interese económico específico, para que se poñan a disposición das administracións públicas interesadas en dotalas de usos sociais, garantindo así o seu mantemento e conservación.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 22 de xullo de 2020, núm. 228, para a regularización e potenciación da Banda Municipal de Música, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 3 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1º.- Que se recuperen os catro músicos interinos que forman parte da Banda de Música e se considere a inclusión destas vacantes nas próximas Ofertas Públicas de Emprego (OPE) municipais.

2º.- Que se anuncie publicamente o restablecemento do proceso selectivo para a contratación do director da Banda, por un período de 10 días e, a partir do remate do prazo, se axilicen os trámites administrativos do proceso.

3º.- Que se realice un plan de acción para a Banda Municipal de Música.

A última moción a tratar é a presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 22 de xullo de 2020, núm. 229, para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos fondos das entidades locais, a que presentou emenda o BNG e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 15 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 3 CA e 2 BNG), polo que a non acadar os votos necesarios non resulta aprobada.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 24:10 horas, do que, como vicesecretario, dou fe e certifico.



O alcalde-presidente,

O vicesecretario,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Manuel González García